

**Candidatura
"Esteiro
do Miño"
a Patrimonio
Mundial**



Páxina 14

**Pontearreas
contará con
6,25 millóns
de euros máis**



Páxina 15

**Colaboración
Galicia-Norte
de Portugal**



Páxina 17

**Maceda estará
en Xantar cun
restaurante**



Páxina 21

**A Festa dos
Fachós volta
a Caldelas**



Páxina 22



AGAFE celebrou 70 feiras

A Asociación Galega de Feiras/Eventos, AGAFE, celebrou en Expourense a súa asemblea xeral anual. Este conxunto de 54 entidades promoveu en Galicia, ao longo do 2016, máis de 70 feiras e 480 eventos, contribuíndo a dinamizar distintos sectores produtivos. "Queremos seguir traballando para que en Galicia xérense novos negocios, e farémolo unidos, apostando pola creación de novos valores e reivindicando melloras para que o sector sitúe a Galicia como un destino MICE de referencia internacional", declarou Alejandro Rubín, presidente de AGAFE e director xerente de Expourense. O sector feiral de Galicia atópase en pleno aux

de actividade, xa que é o punto de encontro idóneo para a oferta e a demanda dos principais sectores da comunidade. Durante o ano 2017 o obxectivo será incrementar a actividade e para iso incidirase na colaboración interinstitucional e co resto de organizacións sectoriais. A internacionalidade é un dos puntos máis importantes que están a desenvolver os principais actores do sector feiral. En 2017 celebraranse catro citas con certificado de internacionalidade polo Ministerio de Economía, Competitividade e Industria de España: Xantar en Ourense, Conxemar en Vigo, Semana Verde en Silleda, e Termatalia en Ourense.



TU HOSPITAL DE REFERENCIA



www.centromedicoelcarmen.es



Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

Urkullu e o dereito a decidir

As recentes declaracións do *lehendakari* Urkullu cuestionando a viabilidade da independencia de Euskadi (tendo en conta a interdependencia coa que vivimos na Unión Europea) xeraron certa polémica, polo que tiñan de manifestar unha certa renuncia aos obxectivos históricos dun importante sector do PNV, partillado dende outros sectores do nacionalismo basco.

En realidade Urkullu veu prantexar un pacto bilateral co Estado, na liña do pacto coa Coroa que defendían Arzalluz ou Anasagasti ou do proxecto de Estatuto basco contido no Plan Ibarretxe. O PNV quere estabilizar o sistema financeiro de cupo, que lle reconece a plena autonomía fiscal e obter as demais transferencias (sistema penitenciario, réxime da Seguridade Social, plena representación na Europa, seleccións deportivas que compitan coas demais nacións) que lle dean a Euskadi a funcionalidade e fasquía dun Estado libre asociado, vencellado confederalmente ao Estado e á UE.

Velaí como a proposta de Urkullu non está tan-nin moito menos- afastada dos obxectivos do independentismo catalán e, máis aínda, constituiría unha boa solución que permita coexistir a soberanía de Catalunya, Euskadi ou Galicia coa súa participación confederal nun Estado plurinacional e na propia Unión Europea.

Porén, o problema para esta convivencia plurinacional está na mentalidade recentralizadora e mesmo extractiva das

O Lehendakari prantexa un acordo bilateral co Estado, na liña do que querían Arzalluz ou Anasagasti

elites financeira, mediática e política españolas e o seu vencellamento a un capitalismo de *amigotes* e BOE incompatíbel co autogoberno integral das nacións sen Estado. Nacionalidades hoxe subordinadas ao inmovilismo dunha Constitución que evoluiu nun sentido moi restritivo pola interpretación recentralizadora do Tribunal Constitucional e dos dous peares do bipartidismo dinástico.

Este relato da plurinacionalidade española e do dereito a decidir require de aliados políticos e sociais no resto do Estado, require de cidadanía española que entenda os dereitos nacionais de Galicia ou Catalunya. Velaí a importancia da evolución de *Podemos* neste ámbito e, tamén, da evolución dos propios PSC, PSdeG ou PSE, nun tempo no que parte do centreesquerda estatal comeza xa a se decatar que o relato recentralizador e unionista que lle mercaron ao PP non lles permitirá nunca achegarse á realidade plural do Estado español.

Europa non é o problema

Falábamos hai días nesta columna da decepción da cidadanía a respecto do proceso de integración europea, tendo en conta o seu déficit democrático, a falla de profundización na unidade política, a falla de control cidadán do Banco Central Europeo e ter adoptado unha unión monetaria sen establecer, ao tempo, un amplo Orzamento federal e a coordinación das distintas políticas fiscais.

Porén, Europa non é o problema, como seica defenden moitas forzas de esquerda radical en Galicia e no resto do noso Continente. Compre transformar esta Unión para construír a Europa dos cidadáns e dos pobos, mais compre, tamén, recoñecer o avance exercido polo proceso de integración a respecto da Europa comesta polas guerras e máis o marco de estabilidade que ofrece. Non por acaso, se non chegamos a pertencer á Unión Europea, o Goberno do Estado podería estar a intervir militarmente en Catalunya.

Aínda hai máis. Moitas das decisións adoptadas no marco europeo e que teñen xerado efectos prexudiciais para Galicia son responsabilidade do Estado español. Foi Aznar quen consentiu na prohibición da construción naval civil nos estaleiros de Fene en troques de que lle permitisen reflotar unha Navantia eivada pola ineficiencia dos seus estaleiros gaditanos e cartageneros. Foi Felipe González quen reestatalizou en grande medida as políticas de reequilibrio rexional o ao propor que os Fondos de Cohesión fosen directa-

Cumpre recoñecer o avance exercido polo proceso de integración a respecto da Europa comesta polas guerras

mente investidos dende o Goberno estatal e foron éste e Aznar os que investiron un billón das vellas pesetas destes Fondos na construción da nova T4 do aeroporto de Barajas. Foi o mesmo González o que desarmou a nosa industria e priorizou as producións mediterráneas a respecto da agrogandeiría e da pesca galegas nos Tratados de Adhesión do 1985. Foron PSOE e PP os que impuxeron a circunscripción única electoral no seu propio beneficio. E foron os sucesivos Ministros de Agricultura e Medio Rural do PP e PSOE os que orientaron as subvencións agrarias a prol dos grandes latifundistas casteláns, andaluces e extremeños.

O problema, pois, é moito máis España ca Europa. E a solución máis Galicia, máis e mellor Europa e menos protagonismo e competencias para o Estado.



Que saberemos nós? Din eles. Pois agora, seguen a dicir, para que se fastidien inventámoslles un estudo con moita aparencia e rigor e xa está. Que sintan a culpa no seu corpo. E van e inventan un informe. Do que se trata é de dar referencia da nosa precaria situación educativa. Iso si, eludindo a culpa das administracións de turno. A culpa nunca é deles. E así din eles que o tema "Educación" é que estamos moi antigos e gastamos en exceso. Botan man dunha memoria, análise, ar-



Baldomero Iglesias Dobbarrio

Mero

E seguimos tendo a culpa

gumento, que sexa crítico e non apunte a eles, que afirme con rotundidade o burros que somos, que non sabemos aproveitar os medios. A base de repetir e repetir, acabarán facéndonos crer. E nós tragamos, insistindo en votarlles e seguir co que consideramos menos malo. Así fixeron co informe Prisa, ese que agora di que xa non somos tan malos. Claro está, os políticos perderon xa hai moito tempo todo o creto e a sublime capacidade de servir ao Pobo, de unirse contra os males que a tantos nos doen e limitan. A responsabilidade tamén é dos emisarios das mensaxes. Deberan ter un compromiso coa realidade, mellor dito, coa verdade. Porque vén dada na palabra, a confianza de transmitir, de

comunicar unha percepción certa pero tamén acertada en verbas. Xunto con outros, son donos da soberanía pensante que nos asiste e que nos dá razón e entendemento. Pero chegados aquí, é onde nos custa tanto entender esta pantomima de informes, de enquisas, de estados de opinión, de valoracións de organismos dirixidos por eles mesmos... Que din do Informe Pisa? Ese que nos mira con lupa, a ver se facemos ben as cousas en educación. A min que fun docente de profesión, deume vergoña a redución numérica á que queren someter as aprendizaxes das persoas. Reducir a números o esforzo, a actitude non é o mesmo que facelo coas aptitudes que cada quen ten. Educar é contaxiarse e

deixarse contaxiar de saberes, aprender a ser, ampliar, coñecer, saber e posuír, conciliar os múltiples saberes. Agora veñen a dicirnos que somos un país moi avanzado, cando eramos -hai pouco- dos máis lentos e torpes. Levan anos des-

Os partidos son tamén culpables de empregar a Educación como arma para empantanarnos

cualificándonos, sobre todo en Galiza, que pandamos con todo. Eu sei, pódennos crer, do traballo e esforzo de moitísimos docentes que caeron en depresión e en complexos inmovilizadores, porque a alguén se lle ocorreu dicir que íamos moi mal e que a culpa era nosa. Agora, de súpeto, en base a bastardas intencións, resulta que superamos todo. Acórdame cando, non hai moito, dicían que vivíamos por riba de nós neste estado de benestar, e eles eran e son, os culpables desta situación: malos xestores. Dábannos lección maxistrais de honradez e cumprimento. É para botar pecados! Ninguén deu explicacións, nin daquilo nin disto. O que si é certo e que hai intereses, desviados da docencia, ma-

nipulados segundo veñan en gana. Ninguén fala do fatal plan educativo, nin dos fracasos certos na deixada atención aos problemas da educación, ninguén lle pregunta aos docentes, nin aos pedagogos, nin aos implicados no feito educativo. Os partidos políticos e os encargados da palabra, que tanto a falsean, son tamén culpables de empregar a Educación como arma para empantanarnos nesta miserable condición dos números e porcentaxes, das sucesivas leis erradas do sistema, da nula credibilidade dos informes, da enorme burocracia que nos inmoviliza, dos torpes xestores que non saben nin resoven o eterno problema do Ensino. Costa caro entender tanta manipulación e que, a nosa educación, permita que existan irresponsables con mando en praza.

Por: Antonio Maestre

Texto publicado no xornal 'La Marea'

Noticias falsas nos medios de comunicación españois en 2016

Hoxe, neste primeiro editorial de NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO, para 2017, botamos man dun artigo do xornalista Antonio Maestre, colaborador de La Marea, de onde tomamos o material informativo que queremos ofrecerles. E facémolo porque, dentro das nosas limitadas posibilidades, xa levamos algún tempo denunciando a “toxicidade” dos medios de comunicación que nos presentan como fontes de información auténtica. Antonio Mestre danos datos e pistas para comprobar esta perigosa mentira.

O diccionario Oxford elixiu “pos-verdade” como palabra do ano. Un neoloxismo que “denota circunstancias en que os feitos obxectivos inflúen menos na formación da opinión pública, que os chamamentos á emoción e á crenza personal”. A palabra foi un mantra nos medios de comunicación tradicionais. O Brexit, a victoria de Donald Trump, o fracaso do referéndum das FARC, todo se explica por este término esquivo e engolado que, curiosamente, non se refire ao papel que os medios teñen na formación da opinión pública. Ryszard Kapuscinski (2002) dicía: “Estamos vivindo dúas historias distintas: a de verdade e a creada polos medios de comunicación. O drama e o perigo están no feito de que coñecemos cada vez máis a historia creada polos medios de comunicación e non a de verdade”. Un ciudadano español que quixera estar informado tivo que lidiar con noticias falsas nos medios máis influíntes. Estes son só uns cantos exemplos.

A desaparición de Izquierda Unida

“ÚLTIMA HORA | Alberto Garzón pon fin a Izquierda Unida”. Así rezaba o tuit que o diario *El País* puña para comenazar 2016. A noticia seguía así: “Chegou o momento de finiquitar as siglas



de Izquierda Unida e alumbrar unha nova formación política que deixe atrás unha estrutura rixida e burocrática; que rompa coa chamada vella guardia. Decisión tomada por Alberto Garzón e a cúpula do partido que lle é afín. Izquierda Unida continúa sendo un partido autónomo cos seus órganos e estrutura e Alberto Garzón a día de hoxe, un año despois, segue sendo coordinador xeral desta formación.

Rajoy presidente ou eleccións no Nadal

El Mundo y *La Razón* coincidiron o 19 de agosto na portada. *El Mundo* afirmaba: “Rajoy será presidente en setembro ou habrá elecciones o día de Navidad”. Pola súa banda *La Razón* dicía “investidura o 30 de agosto ou terceras eleccións no Nadal”. Dúas portadas que xa eran falsas no momento de publicarse e que os feitos remataron por confirmar. O obxectivo final de ámbolos dous xornais era presionar para lograr a formación dun goberno na sesión do 30 de agosto, pero naquel momento había máis opción. Finalmente Mariano Rajoy foi investido presidente do goberno o 30 de outubro de 2016 e así

quedou en evidencia a mentira de ambos dous medios.

Vaxe secreta a Venezuela das CUP e Podemos

O 21 de xaneiro de 2016 *Antena 3* contaba unha exclusiva que probaría a relación entre “La CUP, Podemos e o entorno de ETA, co réxime de Nicolás Maduro”. As imaxes eran as dun grupo de persoas que subían a un avión no aeroporto de Barajas para ir a Venezuela. Entre os asistentes estaban Anna Gabriel da CUP e algúns membros de Podemos, en Castilla-La Mancha. A información non dicía que “asistían a unhas xornadas culturais” que os protagonistas xa contaran en artigos, blogs,... publicadas un ano antes da suposta exclusiva de *Antena 3*.

A falsa exclusiva que *Antena 3* tiña lanzado coleou ata *El Español*, que basándose nela publicou que María José Aguilar asistiu a un acto organizado pola Coordinadora Simón Bolívar en homenaxe a ETA. Para confirmalo baseáronse nunha foto na que aparece unha muller de costas co cabelo curto, información que no contrastaron coa afectada e que resultou ser falsa. Aguilar non puido asistir a ese acto porque

á mesma hora estaba visitando un pobo a miles de kilómetros de distancia.

O convite a Otegi de IU e Podemos

Arnaldo Otegi, secretario xeral de Sortu, falou no Parlamento sobre o proceso de paz no País Vasco. Foi convidado por unha interparlamentaria do “Grupo de Amigos do País Vasco”, que está formado por deputados europeos (varios membros dos Verdes, políticos de esquerda europeos e ata un membro dun partido de dereitas rumano). Sen embargo, medios como *La Razón*, *Okdiario*, *Antena 3* e Carlos Herrera na COPE difundiron a noticia de que Podemos e IU tiñan convidado a Arnaldo Otegi a falar na Eurocámara. Noticia falsa que marcou á axenda dese día e que ningún deles rectificou. Carlos Herrera incluso decidiu escribir un editorial para atacar de forma frontal as dúas formacións. O locutor estrela da cadea dos Bispos afirmou que íamos asistir a unha “infamia” no parlamento europeo propiciada polo convite de Podemos e IU.

O PSOE logra paralizar as reválidas di ‘El País’

O diario *El País* en portada do 28 de outubro levaba un titular concluinte: “Rajoy hace la primera cesión al PSOE y retira la reválida”.

O calendario de implantación a LOMCE xa dicía que no curso 2016/2017, non tería efectos académicos para lograr o título de Bacharelato, e só servirá como poba de acceso á universidade. Ou sexa, o anunciado por Rajoy no Congreso estaba xa no calendario de implantación da LOMCE.

O mesmo *El País* publicaba o pasado 21 de outubro que o PP e Ciudadanos chegaran a un acordo para paralizar as reválidas si finalmente formaba goberno. Si existe unha cesión é froito do acordo con Ciudadanos, non co PSOE.



Opinión

Por Carlos Méixome

Andaba eu a reler anaquiños de cousas novas: as memorias de Gorbachov, as de Kohl e mesmo retallos das análises de Judt ou Fontana, pois agardaba que unha data tan significativa como a que Hobsbawn propuxera como linde o remate do século curto, isto é o século XX, ía ter unha gran acordanza nos medios de comunicación e manipulación de masas. Cumpriáanse 25 anos daquel 25 de decembro no que Mikhail Gorbachov anunciaba á cidadanía soviética, e a todo o mundo, que “Dada a situación creada (...), ceso na miña actividade como presidente da URSS (...)”. Era unha declaración simbólica como foi uns minutos despois tanto a entrega do maletín nuclear a Boris Ieltsin nun corredor do Kremlin, non se puxeran de acordo en quen ía ao despacho de quen, ou a baixada da bandeira vermella coa fouce e o martelo e o izado da tricolor rusa.

Na verdade a Unión Soviética desaparecera, na formalidade legal, o oito de decembro cando no pavillón de caza de Belavezha asinaron o acordo de creación da

Comunidade de Estados Independentes (CEI) os presidentes Ieltsin (Rusia), Kravchuk (Ucraina) e Shushkiévich (Bielorrusia) e politicamente tras o golpe de estado do 11 de agosto. En cinco meses desintegrouse o estado bolxevique deseñado naqueles dez días, que, segundo John Reed, abalaran o mundo.

A opinión mediatizada en Occidente foi, e segue a ser, que a implosión soviética era inevitable, previsible, agardada e unha vez producida interpretouse como o triunfo do capitalismo como sinónimo de democracia (a utopía da fin da historia) e a vitoria dos Estados Unidos na longa Guerra Fría (a utopía monopolar); a realidade do momento era ben distinta pois a todos colleu por sorpresa tanto a disolución como a forma, en parte pacífica, na que se produciu, se temos en conta que estamos a falar de catro repúblicas con armamento nuclear (Rusia, Ucraína, Kazakhstán e Bielorrusia).

Data oculta



■ Gorbachov asina a súa renuncia como presidente da URSS

A crise soviética puido coler a deriva terrible de Iugoslavia.

Pasados 25 anos comeza o tempo das análises sosegadas, afastadas do inmediato da nova xornalística, de (pre)posicións ideolóxicas, de teimas persoais, de interpretacións conspiranoicas ou de líderes deostados ou enalzados. A esquerda segue a ter moito que reflexionar, tras a experiencia soviética, sobre a súa proposta concreta, sobre cómo se compaxina xustiza social e democracia, dereitos colectivos e

individuais. Porque un cuarto de século despois o que si volvemos aprender con dor é que o capitalismo non é máis que un modelo depredador que nos condena a un estado de guerra permanente.

Non é este nin o espazo, nin o lugar, para profundar, ou simplificar, en interpretacións de procesos de enorme dimensión e gran complexidade. Pero permítanme dous apuntes. Un, se queren, secundario e un chisco trotskista: os privilexios só son completos se se poden transmitir por her-

Putin afiou as poutas do oso ruso, gañou prestixio na diplomacia internacional e gañou aliados poderosos

danza ou, o que é o mesmo, ser director dunha grande empresa é interesante pero faino máis atractivo se, ao tempo, es accionista da mesma. Así que a burocracia estatal precipitou a disolución ao comprender que se podía apropiarse do estado e converterse en “cleptocracia”.

Segundo apunte, central no meu xeito de ver as cousas. O réxime soviético mantivo o imperio tsarista

e deulle unha arquitectura constitucional federal que na práctica non o era, ou érao só en parte. Foi un imperio e como todos desapareceu por desintegración territorial. Igual que o austrohúngaro, o español, ou o otomán. Cando Ieltsin e Kravchuk acordaron en Belavezha a creación da CEI, na verdade estaban acordando que ás súas respectivas elites, ucraínas e rusas, as cousas lles irían mellor pola súa conta. E non podía haber URSS sen Rusia e a Ucraína.

A celebración pasou pois con máis pena que gloria. Mellor non lembrar a bicha.

Hoxe o mundo non se parece nin un chisco ao de 1991. Rusia tampouco. O KGBista Putin afiou as poutas do oso ruso, gañou prestixio na diplomacia internacional e gañou aliados poderosos, castigou aos chechenos, meteu en cintura a Xeorxia, anexou Crimea e os seus avións bombardean Alepo mentres agarda a que Trump e os seus “cleptócratas” se asenten na Casa Branca.



Por: Xosé González Martínez

Presidente do Foro E. Peinador.

Olimpia Valencia, pioneira da xinecoloxía en Galicia

Adiantándose ao centenario do seu nacemento a Irmandade da Sanidade Galega, celebrará tal efeméride homenaxeando a Doutora Olimpia Valencia López, a primeira muller médica colexiada, especializada en toco-xinecoloxía.

A biografía desta profesional da medicina é apenas coñecida. Naceu an 1898 no concello de Baltar, terras arraianas, nas lindes do Couto Mixto, ese territorio histórico que segura-

mente ela coñeceu ben. Sen embargo, a súa vida, a partir dos doce anos, transcorreu en Vigo onde exerceu a partir do ano 1928 a súa profesión deica a súa morte en 1987.

Segundo o historiador Ricardo Gurriarán, Olimpia Valencia López ingresou na Facultade de Medicina en 1919 e licenciouse en 1925 con premio extraordinario, para trasladarse despois a Madrid para facer a tese de doutoramento dirixida polo prestixioso catedrático de obstetricia, doutor Recasens. A memoria de doutoramento levaba por título “La colosterinemia en la sangre de las operadas en relación co la anestesia quirúrgica”. Ali permaneceu aloxada na “Residencia de Señoritas”, de igual inspiración e mo-

delo institucionista cá Residencia de Estudiantes, que naceran co espírito de completar a formación académica e humana das alumnas. Por medio de complemento educativos reforzaba a súa formación: cursos, aprendizaxes de linguas modernas, viaxes ao estranxeiro... A súa directora foi María de Maeztu. Nese ambiente académico fixo amizade cunha xeración de intelectuais e investigadores que, co tempo, habían ser figuras senlleiras do pensamento, a pedagogía e a ciencia.

En 1929 cunha bolsa da Junta de Ampliación de Estudos trasládase a Alemaña e Suíza para formarse en clínicas xinecolóxicas que arriqueceran a súa bagaxe científica na especialidade que lle había valer de gran

Polas súas ideas sufriu persecución e castigos, mesmo un boicot á súa consulta

reputación no exercicio profesional entre as súas pacientes en Vigo, onde tivo aberta consulta deica os oitenta e dous anos.

Polas súas ideas republicano-galeguistas sufriu persecución e castigos, mesmo un boicot a súa consulta por ser considerada “roja y separatista”

por mor de ter asinado un manifesto a prol da República e do Estatuto de Autonomía. Malia este abafado, que soubo sortear con dignidade, non deixou de manter relacións co grupo de galeguistas da cidade aos que sempre se sentiu unida, entre os que figuraban os seus compañeiros, tamén médicos, Dario Álvarez Blázquez, Antón Beiras García e Ramón Obella Vidal. Foron tempos duros e difíciles, sobre todo para ela pola súa condición de muller progresista.

Foi unha das primeiras investigadoras científicas de Galicia, dinamizadora de institucións profesionais como a Academia Médico-Cirúrgica de Vigo. Tamén participou en foros importantes como as xornadas médicas galegas, e levou

a cabo un papel importantes noutras instancias corporativas.

A Irmandade da Sanidade Galega e o Colexio Médico de Pontevedra vánlles renderlle homenaxe coa descuberta dunha placa, o próximo día 26 ás 12:00 horas, no edificio onde desenvolveu o seu exercicio profesional na rúa Uruguay no que ata hai ben pouco houbo unha placa anunciando a súa consulta: “Dra. Olimpia Valencia. Especialista de enfermidades de la mujer”. Media hora máis tarde, ás 13:00 horas, na sede social da delegación en Vigo do Colexio Médico, na rúa Ecuador, celebrárase un acto académico aberto ao público, no que formalizarán o seu ingreso na ISAGA unha trintena de profesionais da sanidade.



Redacción A CORUÑA

A Coruña coopera con trinta entidades estatais e sudamericanas “para abrir a gobernanza á cidadanía”

A concelleira de Participación, Claudia Delso, defende a cooperación entre institucións e o uso do software libre “para avanzar na necesaria actualización das administracións públicas”

O Concello da Coruña vén de presentar esta mañá, xunto a 30 entidades do Estado e Sudamérica, un protocolo de colaboración no que fixan obxectivos comúns de cara á facilitar ferramentas á cidadanía dos seus municipios para favorecer a participación directa e individual na toma de decisións dos gobernos locais. Así, cada unha das institucións que subscriben a iniciativa, que proceden dunha quincena de Comunidades Autónomas e de tres cidades latinoamericanas -Buenos Aires, Mendoza e Nariño-, comprométese implementar unha plataforma dixital e poñela á disposición da veciñanza para facilitar a súa participación. Con esta decisión, o executivo coruñés refrenda o protocolo de colaboración subscrito co Ayuntamiento de Madrid o pasado mes de maio, “e amplía o seu compromiso co traballo compartido e en rede con outros municipios, na liña de aposta pola cooperación entre institucións para abrir a gobernanza á cidade”, sinala a edil Claudia Delso, quen indica que o Concello xa a está a empregar este novo mecanismo, de software libre, a través da plataforma www.aportaaberta.coruna.es, inspirada na desenvolta polo consistorio madrileño www.decide.madrid.es, e que permitiu impulsar e desenvolver o proceso dos Orzamentos Participativos -no que a veciñanza decidiu o destino do investimento dun millón de euros nos presupostos municipais do ano que vén, e que o Goberno local inclúe no seu proxecto orzamentario-.

“Na Coruña a participación enténdese, agora, como un dereito. Gracias a propostas como esta plataforma, converterase en estrutural para este Concello”, dixo Delso, quen avanzou que o executivo local implementará novas modalidades desta proposta nos próximos meses. “Entendemos que a ética do colaborativo e do software libre, así como da cooperación entre institucións, é o camiño para avanzar na necesaria



■ O Concello abre o prazo de inscrición para un obradoiro gratuito de curtametraxes en galego, no marco do Festival CinEOI Coruña 2017

actualización das administracións públicas, que deben ter un fondo compromiso coa cidadanía, o ben común e coa innovación democrática”, afirmou a responsable municipal.

A edil entrevistada esta mañá no acto de presentación da proposta, que se desenvolveu a través de videoconferencia no que participaron representantes das distintas entidades que subscriben o protocolo, como son, ademais do Concello da Coruña, os de Buenos Aires e Mendoza (Arxentina), Nariño (Colombia), Alicante, Arona (Tenerife), Benalmádena (Málaga), Buñol, Cádiz, Calvià (Mallorca), Carreño (Asturias), Castellón, Chiloeches (Guadalajara), Ciempozuelos, Getafe, Gormejo (Soria), Huesca, Oviedo, Palma (Mallorca), Pamplona, Rivas Vaciamadrid, Sitges, Talamanca del Jarama, Tarragona, Toledo, San Sebastián de los Reyes, Valdemorillo e Valencia. Tamén se comprometeron coa apertura á

ciudadanía das ferramentas de participación o cabildo de Gran Canaria, o Consell de Mallorca, a Deputación de Valencia e a Universidad Complutense.

A plataforma dixital conta con distintos módulos que permiten articular a participación da cidadanía nas diversas tomas de decisións, como os orzamentos participativos, proposta que se desenvolveu deste o Goberno local a través de A Porta Aberta; propostas cidadás, que permiten que cada veciña e veciño poidan facer achegar para mellorar os municipios e, se obteñen apoios suficientes, a institución poida levar a cabo a proposta; lexislación colaborativa, que facilita a colaboración na redacción de normativas e textos municipais; debates, para xerar conversación sobre un tema de interese para a localidade; e o propio módulo de procesos participativos, para facilitar a participación no desenvolvemento dos mesmos.

Galicia

Redacción A CORUÑA

A estratexia do EIDUS aposta por unha mobilidade que sexa a “catalizadora da Coruña do futuro”

O documento da Estratexia Integrada de Desenvolvemento Urbano Sostible será trasladado ao Ministerio de Facenda despois de recibir o apoio plenario de todos os grupos da oposición

O concelleiro de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda, Xiao Varela, deu a coñecer este martes as liñas mestras da Estratexia Integrada de Desenvolvemento Urbano Sostible (o EIDUS), un día despois de que o documento fose aprobado por unanimidade no Pleno, tras obter tamén o respaldo da comisión informativa creada hai mes e medio para traballar na proposta, de cara á súa presentación, esta semana, á segunda convocatoria para o financiamento europeo a entidades locais da Unión Europea. A estratexia, denominada ‘A Coruña, Cidade Cercana’, artéllase arredor da “mobilidade, como catalizadora e potenciadora da calidade urbana”, indicou Varela, quen sinalou que se trata dun “obxectivo de oportunidade e de consenso para todos os grupos municipais, ademais dun asunto estratéxico para a cidade e de grande interese cidadán”. Tal e como expuxo, o documento desenvólvese a partir de 11 obxectivos estratéxicos, que se materializan en 23 obxectivos operativos e 34 liñas de actuación, artellados sobre tres liñas, como son a ‘cidade integradora’, ‘cidade intelixente’ e ‘cidade sustentable’, unha proposta que toma tamén como base a primeira proposta elaborada polo Goberno municipal, “que tiña unha serie de cuestións que estaban ben valoradas polo ministerio e que entendíamos que debíamos manter”. A dotación financeira total da estratexia, que fixa o seu marco temporal entre 2017 e 2023, alcanzaría os 52,1 millóns de euros, dos que 18,75 corresponden co financiamento solicitado –do que sería subvencionable o 80%, un total de 15 millóns de euros– e o resto,



■ Xiao Varela é o concelleiro de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda da Coruña

33,35 millóns, a fondos complementarios achegados polo Concello.

Tal e como expuxo o concelleiro, a estratexia do EIDUS aposta, a partir dese eixe que é a mobilidade e o espazo público, pola “proximidade como valor urbano” para o reforzo da convivencia no espazo público, a través de retos como son a redución da dependencia do automóbil privado ou o incremento de medios de transporte de menor impacto ambiental, xunto con outras medidas dirixidas a alcanzar obxectivos como a mellora da calidade ambiental dos espazos públicos da cidade, a mellora dos mercados municipais de proximidade “como ágoras e centros de actividade dentro dos barrios, básicos neste novo modelo de cidade”, a

redución da emisión de gases de efecto invernadoiro, a mellora e protección do ciclo integral da auga, o fomento das TIC, o emprego, a innovación ou medidas de inclusión social. Entre os conceptos “estratéxicos”, cóntase tamén a intermodalidade, nun plan “coherente coa estratexia do Goberno local e o traballo diario”, quixo incidir Varela, quen cualificou o EIDUS como un “apoio á estratexia do Goberno local para a cidade, sobre a que actúa e continuará actuando”. O concelleiro avanzou igualmente que a comisión informativa creada para o EIDUS continuará co traballo no futuro “para darlle concreción ás liñas de actuación do documento, dado o bo devir do seu funcionamento”.

Museo da Automoción

Por outra banda, e preguntado sobre a ubicación do futuro do Museo da Automoción, o concelleiro subliñou que o Concello ten “vontade de atopar un acordo, e interese en que o Museo da Automoción e a Historia poida facerse na cidade”, unha finalidade que levou a formular, a pasada semana, unha nova proposta de ubicación, como é unha parcela municipal de máis de 7.000 metros cadrados no polígono de Agrela. “A única condición que puxo o Goberno local desde o principio para o museo foi moi clara, e é que o Parque de Bens é irrenunciable”, incidiu o responsable de Rexeneración Urbana, remitíndose á “escaseza de zonas verdes coas que conta A Coruña, unha cidade compacta, moi urbanizada, e que non pode renunciar a estes espazo”, e facendo alusión ao ratio coruñés, de 7,8 metros cadrados de espazos verdes por habitante, “moi por debaixo do que marca a OMS, que establece a media entre os 10 e os 15 metros cadrados”.

Nese sentido, Varela convidou á Fundación Jorge Jove a realizar unha alternativa á formulada polo Concello a pasada semana, “unha proposta que, ao noso criterio, é viable e moi interesante, xa que está moi ben conectada, un solo que ten alto valor e unha edificabilidade moi ampla, polo que se podería facer a volumetría que se considere necesaria”, engadiu Varela, que considera que a opción de Agrela atraería a máis visitantes ao Museo que o parque de Bens, “que é, segundo entendemos, un dos obxectivos”.

Ferreiro visita o parque Adolfo Suárez

O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, visitou o domingo 17 de decembro o parque Adolfo Suárez, en San Pedro de Visma, acompañado da concelleira de Medio Ambiente, María García, e o concelleiro de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda, Xiao Varela, así como de membros da asociación veciñal do barrio, un día despois de que o Concello recepcionase o novo espazo verde, que xa está aberto ao uso da veciñanza. Como sinalou Ferreiro, será a partir de mañá luns cando o Concello poderá continuar o proceso para seguir mellorando as instalacións do parque, unha vez que ten recibida a obra, que tivo que someterse a unha serie de traballos nos últimos meses para



que a apertura se realizase con todas as garantías, un período que serviu tamén para implementar melloras, como a súa concepción aberta, fronte ao proxecto inicial que contemplaba un recinto pechado. Deste xeito, o parque funciona xa como conexión verde entre a zona baixa dos Rosales e Labañou con San Pedro de Visma, e permite manter os usos tradicionais de paso transversal, contribuíndo ademais a aumentar a baixa ratio de zonas verdes por habitante da cidade, que non chega aos

oito metros cadrados, cando as recomendacións da OMS prescriben entre 10 e 15 metros cadrados por habitante.

Comisión Executiva do Eixo Atlántico

Xulio Ferreiro, participou o luns 19 de decembro na Comisión Executiva do Eixo Atlántico, celebrada na localidade lusa de Barcelos e na que, entre outros asuntos, procedeuse á aprobación dos Orzamentos do ente para o vindeiro ano 2017 e abordáronse asuntos de interese común, como a defensa da candidatura do Camiño Portugués de Santiago ou a modernización ferroviaria entre Portugal e Galicia.

Caixa Rural Galega “50 anos cos pés na terra”

A sede de Caixa Rural Galega en Lugo acolleu a presentación do libro “50 anos cos pés na terra”, unha obra conmemorativa polo 50º aniversario da entidade que repasa a súa traxectoria facendo fincapé nas experiencias e sentimentos de todos aqueles que fixeron posible o seu nacemento e a súa continuidade. Non acto, non que estiveron presentes a autora, a xornalista e escritora Marta Veiga; o director xeral de Caixa Rural Galega, Jesús Antonio Méndez Álvarez-Cedrón, e o presidente da entidade, Manuel Varela López, insistiron na idea de que este libro non é máis que unha homenaxe a todos os traballadores, socios e colaboradores que fixeron realidade outra maneira de facer banca. “50 anos cos pés na terra” é un libro que deixa atrás datos, cifras e cronoloxías para deterse moito máis nas vivencias, nas sensacións e nos sentimentos que acompañaron ás persoas ligadas, dunha maneira ou doutra, coa Caixa Rural Galega na travesía por estes 50 difíciles pero gratificantes anos. O presidente da entidade, Manuel Varela, abriu o acto e subliñou: “A obra é unha escolma dous momentos máis importantes, así como dalgunhas anécdotas de todos estes anos. Todo isto non sería posible sen os máis de 15.000 socios, cáse os 160 empregados e



■ Marta Veiga, autora do libro, con directivos de Caixa Rural Galega

o cumprimento dous nosos principios fundamentais dende o primeiro día: a estabilidade, a prudencia, a solvencia e o compromiso con Galicia e cos galegos”.

Filosofía

Méndez Álvarez-Cedrón agradeceu o apoio de toda a xente que colaborou neste proxecto e destacou o extraordinario labor realizado pola autora do libro: “Captou

perfectamente a nosa filosofía e a idea que tiñamos para conmemorar esta data tan especial. Queríamos que fose unha análise da nosa forma de entender a banca. Unha banca caracterizada pola súa proximidade ao territorio, con produtos sinxelos, prudente e con continuo reinvestimento dos beneficios obtidos. Unha banca, definitivamente, cos pés na terra. E así foi, o resultado final é excelente. Os seus fundadores, os traballadores que con-

tinúan e os máis de 60.000 socios e clientes tiñan que ser os protagonistas desta obra de Marta Veiga. Ela mesma recordou como hai un ano todo isto comezou a tomar forma nunha xuntanza que mantiveron cos catro pioneiros, Arcadio López Lens, Nely Quintás, Feliciano García Vila e Luís Cabana. Dende aquel día comezamos a tirar do fío das lembranzas da entidade e pouco a pouco fomos tecendo toda esta obra”. A xente que fai posible Caixa Rural Galega merecía esta homenaxe. Como apuntou Veiga: “Todos e cada un deles son parte desta historia e están representados por caras tan coñecidas como Higinio Mougán, xerente de Agaca; Antonio Durán, fundador de Durán Maquinaria Agrícola; David Lombao, director de Praza Pública, e Luís Falcón e Maruja Irigoyen, gandeiros de Vilaseca (Riotorto)”.

Ao remate da rolda de prensa e en resposta ás preguntas dos xornalistas, Méndez salientou o principal motivo de ter chegado ata aquí, o verdadeiro carácter diferenciador da entidade: O noso obxectivo prioritario é o socio, o cliente. Non tanto o retorno de capital senón a axeitada oferta de produtos e o trato próximo cara a todos eles”. A Caixa Rural Galega rematou a conmemoración do seu cincuentenario coa celebración dunha gala e posterior cea.

“Q de Calidade Turística” para Centro Médico El Carmen

O Centro Médico El Carmen, de Ourense, acaba de recibir o selo “Q de Calidade Turística” outorgado polo Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE). Este selo supón unha importante lombeirada para o seu proxecto en turismo de saúde Water-Health. “A imaxe da marca Q implica unha carta de presentación para os centros que a ostentan, de fronte ao turismo de saúde. As certificacións de calidade son a mellor ferramenta coa que un hospital conta á hora de captar a uns pacientes moi esixentes que deciden facerse un tratamento de saúde fóra da súa cidade ou país”, sinalan representantes do Centro. Este galardón garante a calidade en procesos básicos do hospital como a hospitalización e o servizo médico. Máis concretamente, a calidade de aspectos tan importantes como as instalacións, habitacións, limpeza, mantemento, restauración, proceso de reserva, acollida do paciente e acompañamento por parte do persoal durante toda a estancia. Os seus pacientes son usuarios internacionais que acoden a Ourense atraídos pola calidade asistencial de Centro Médico El Carmen e o valor engadido da balneoterapia, así como a posibilidade de aproveitar a estancia en Galicia para realizar diversas rutas turísticas e culturais.



Un dron con cámara termográfica gaña o Concurso de Proxectos Tecnolóxicos

O enxeño calcula a temperatura do chan a máis de cinco metros

Un dron con cámara termográfica que calcula a temperatura do chan a máis de cinco metros de altura para controlar o perímetro de seguridade de zonas afectadas por incendios co obxectivo de evitar que este se reproduza. Este foi o traballo gañador do 16º Concurso de Proxectos Tecnolóxicos que se celebrou no Campus de Ourense. O gañador de este premio foi Alberto Novoa, alumno de fin de grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación da Universidade de Vigo. Trátase dunha iniciativa promovida por Expourense e a Escola Superior de Informática de Ourense que conta co apoio do IGAPE e o patrocinio da Deputación de Ourense. A finalidade deste concurso é sensibilizar ás empresas dos beneficios que lles pode achegar a aplicación da investigación tecnolóxica ó seu proceso de produción axudando a facela máis competitiva. Polo tanto, tiveron cabida todos aqueles traballos onde prime unha clara aplicación das súas ideas ó mundo empresarial e que estean vencelladas coa realidade e necesidades cotiás. A entrega de premios correu a cargo do vicepresidente da Deputación de Ourense, Jorge Pumar, que estivo acompañado polo director da Escola Superior de Informática do Campus de Ourense, Francisco Javier Rodríguez, e da directora de Administración de Expourense, Cristina Álvarez. Jorge Pumar indicou que este concurso está enmarcado no “Plan Estratéxico 15-19 da Deputación de Ourense” orientado a dar servizos ós cidadáns e ás Administracións Locais e no que as tecnoloxías da información terán unha especial incidencia no seu desenvolvemento para conseguir unha “provincia intelixente e conectada”. Pola súa parte, o director da Escola explicou que os proxectos gañadores foron “punteiros e moi traballados, excedendo o que é un traballo de Fin de Grao habitual”. O gañador do



■ Os autores dos traballos premiados

primeiro premios deste 16º Concurso de Proxectos Tecnolóxicos indicou que creou este dron “para dar resposta desde o eido tecnolóxico a unha necesidade que xorde despois de cada incendio forestal, como é revisar o seu perímetro para asegurar que quedou o suficientemente frío como para que non se produzan reproducións nos seguintes días”. Esta tarefa supón unha perda de tempo cando as brigadas ou axentes en épocas de incendios numerosos e de grandes dimensións, como no verán, teñen que actuar en numerosos frentes. Segundo recolle o traballo, co sistema deseñado por Alberto Novoa nun escenario de, por exemplo dez hectáreas, o dron faría o percorrido do perímetro en

9 minutos e 40 segundos cun custe de 2,95 euros mentres unha persoa polo método tradicional o faría en 70 minutos e cun custe de 43 euros. O autor deste estudo leva moitos anos formando parte de brigadas de extinción de incendios forestais.

O segundo premio deste concurso recaeu en Javier Villalobos polo seu traballo fin de grao en Enxeñaría Informática (Campus de Ourense) denominado “Herba”. Trátase, explicou, dunha “aplicación Android de monitorización cardíaca de persoas ante estímulos multimedia, como imaxes ou vídeos, ou mentres están realizando algunha acción ou estado”. Segundo recolle o traballo, Herba é “unha

aplicación sinxela, intuitiva e modular que favorece a mobilidade e permite exportar os datos obtidos”. A súa vantaxe con respecto a outras aplicacións similares é que, apuntou Villalobos, “ademais de obter información cardíaca ten en conta outro tipo de estímulos que xa proporciona a propia aplicación”. A idea de facer esta ferramenta, indicou o egresado, xurdiu ante o desenvolvemento e popularización que están tendo aplicacións deste tipo e no marco do traballo que no eido da tecnoloxía de monitorización está a realizar o MILE Group (Medical Informatics and Learning Environments) da Escola Superior de Enxeñaría Informática.

Premio especial

Durante esta xornada entregouse ademais o premio especial da Deputación de Ourense “Provincia Intelixente” que recaeu en Alba Nogueira, da Escola Superior de Enxeñaría Informática, polo seu traballo fin de grao “Portal de xestión de viñedos”. Nel desenvolve un sistema para rexistrar as actividades dunha explotación vitícola, consultar datos meteorolóxicos próximos ao viñado e xestionar a vendima e as ofertas de traballo vinculadas a el. “A idea foi crear un portal onde se poidan rexistrar todas as actividades que se poden facer nun viñado”, explicou. Nel recádase información que permite aos usuarios sacar modelos predictivos e actuar en consecuencia, tendo especialmente en conta a incerteza que provoca na viticultura variables como as condicións climáticas. A idea de facer este proxecto naceu das súas propias necesidades como viticultora, xa que ten un viñado na zona de Quiroga. “Tiña un problema e busqueille solución, unha solución que a min estame sendo moi útil. Polo momento é un proxecto pero será un produto”, afirmou a galardoada.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Carlos Barros González

Colaboradores:

GALIZA: Rocío Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Losada Dorado – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves.

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho.

MADRID: –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Jesús Losada Dorado – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

O Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra programa actividades para 2017

O Consorcio de Turismo Ribeira Sacra enforcárase en actuacións no outono de 2017 tendo en conta que os datos de 2016 así o aconsellan polo tirón que ten a zona neste período no que aumenta a afluencia de visitantes. Sandra Seara, xerente da entidade, sinala que durante os fins de semana de novembro rexistrouse nos establecementos hostaleiros unha media de ocupación do 65%. “Antes, o mes de novembro non acadaba en fins de semana unha ocupación superior a un 35-40%”, asegura. En días laborables, a media foi dun 30%. No que respecta ás pontes festivas, a xerente apunta que entre os días 2 e 6, a ocupación media foi dun 73%. Os resultados considéranse moi positivos ao tratarse dunha ponte tan longa. “En 2015 a ocupación media foi do 76%, pero concentrado nun menor número de días”, engade. Doutra banda, a xerente do Consorcio reiterou o éxito que tiveron as actividades da segunda edición do programa “A caída da folla”, cunha ocupación do 100% en todas as xornadas, agás as que houbo que suspender por mal tempo. En total foron 185 os usuarios que participaron nestas actividades. Como sucedeu coas rutas do Viñobús na vendima, a maioría foron persoas da provincia da Coruña que pernoitaron durante a fin de semana. Por elo, para a seguinte edición deste programa preténdese incrementar a oferta de actividades ao aire libre e á vez facer máis fincapé, desde o



■ José Tomé e Luís Guitián entregaron os premios

punto de vista da promoción, no especial atractivo que ofrece o territorio nesta época do ano. “Temos a limitación de que o período máis interesante para gozar das paisaxes de outono é só dun mes ou talvez de mes e medio -indica Alexandra Seara, pero pensamos que é posible ofrecer máis actividades para as fin de semana sen caer tampouco na saturación”.

Viñobús

Para 2017 preténdese manter outras ofertas que xa experimentadas en varias temporadas, como son os percorridos en Viñobús en Semana Santa e na época de vendima e as rutas do románico. En canto a estas últimas, está previsto ofrecer de novo as que teñen máis éxito, que son as que discorren polos municipios de Pan-

tón, Sober e O Saviñao. No que toca ás de menor demanda (as da comarca de Chantada), aínda está por decidir se terán continuidade no 2017 ou ben se serán substituídas por outro tipo de actividade. Preparan un xogo de mesa baseado nos atractivos do territorio. O Consorcio ten previsto editar un xogo de mesa sobre a Ribeira Sacra. En primeiro lugar sairá unha versión infantil que será presentada nos centros educativos dos municipios do grupo e despois noutras partes de Galicia. Tamén se pretende editar e comercializar unha versión para adultos. Outra iniciativa para o 2017 consiste en levar a cabo as viaxes en globo que estaban programados para este outono e que non se puideron realizar por mor das condicións meteorolóxicas adversas. O Consorcio só prevé organizar as viaxes reservadas para os usuarios dos servizos turísticos da zona que resultaron premiados na campaña “Pasaporte ás nubes”. Despois os voos correrán a cargo da empresa propietaria dos aerostatos. Pero tamén cabe a posibilidade de que o Consorcio organice outras viaxes se así se decide nun encontro que a entidade manterá con representantes da Xunta. Por outra banda, e con motivo do Nadal, o Consorcio entregou na sede de Cáritas Monforte os premios do concurso de postais. Mónica, Soledad, Olga, Ana Mari e Armando foron os agasallados.

O Teatro Rosalía Castro acolle a cuarta edición do programa solidario ‘A Radio Conta’

O Teatro municipal Rosalía Castro acollerá o próximo martes, 3 de xaneiro, desde as 17.30 horas da tarde, unha nova edición da iniciativa solidaria ‘A Radio Conta’, un programa realizado e emitido de forma simultánea por sete emisoras públicas e privadas da Coruña co obxectivo de visibilizar o traballo de asociacións e entidades sociais da cidade, “ademais de render homenaxe ás e aos profesionais da radio local”, sinalou Moncho Viña, condutor do especial. Así, a cuarta edición de ‘A Radio Conta’, na que colabora o Concello a través da cesión do recinto cultural, recadará beneficios a prol da Asociación Agalure, que educa e sensibiliza contra a ludomanía e outras adicións no municipio desde hai máis de 20 anos.

O programa especial contará coa



participación de convidados como o alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, actores como Paco Lodeiro ou Martiño Rivas; ademais das actuacións de Cántigas da Terra, Curtis e Teixeira, Sés, Os da ría e Sito Sedes. No desenvolvemento do programa implicáranse xornalistas de COPE, Onda Cero, Radio Coruña, Radio Galega, RNE, Radio Marca e Radio Voz, así como Arturo Lezcano, Xaime Arias e Sabela Romar.

O programa terá lugar entre as 17.30 e as 20.00 horas, e a entrada ao recinto municipal será libre e con donativo voluntario. Neste sentido, a iniciativa tamén promove colaboracións a través dunha ‘fila cero’. Así, as achegas solidarias poderán facerse a través do número de conta da propia Asociación Agalure: ES67 2100 5827 0002 0004 5904

Galicia

Redacción OURENSE

Nova iluminación para a Ponte Romana

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, referiuse ás obras da Ponte Romana de Ourense como un exemplo da aposta por preservar, recuperar e poñer en valor o patrimonio da Comunidade. “Hoxe damos por concluídos os traballos da primeira fase da intervención coa que a Xunta, a través do labor coordinado entre as consellerías de Infraestruturas e de Cultura, cumpre co seu deber”, dixo, incidindo en que as construcións históricas precisan dunha protección activa que evite que esmorezan e se deterioren co paso do tempo. Durante unha visita á ponte, Feijóo lembrou que fai algo máis dun ano, Concello e Xunta plasmaron nun convenio de colaboración a vontade compartida de procurarlle a este monumento o tratamento que merece como ben de gran valor cultural, erixido, ademais, en emblema e reclamo turístico da cidade. Sobre este punto precisou a posta en marcha dun conxunto de labores supervisados polos técnicos de Patrimonio da Xunta de Galicia e que responderon ao triplo obxectivo de conservar, dignificar e potenciar a maxestuosidade da Ponte Romana. “Para conservala traballamos, restaurando un dos tallamares da ponte, substituíndo o pavimento da ponte e con outras pequenas obras de restauración de pezas dete-



■ O presidente da Xunta asistiu a inauguración da iluminación

rioradas. Para dignificala, retiramos elementos alleos ao monumento como unha vella tubaxe de abastecemento. E para potenciala, acometemos a actuación máis singular de todas as levadas a cabo sobre esta construción histórica: a nova iluminación”, abundou Feijóo. “Estamos a falar dunha iluminación deseñada por especialistas galegos na materia, á medida deste monumento. Froito dun detallado estudo sobre a mellor forma de permitir a contemplación íntegra da estrutura e do especial conxunto que forma co medio fluvial e urbano no que se enmarca”, dixo, subliñando que se trata dunha actuación que cumpre con rigor as premisas marcadas de máximo respecto ao ben patrimonial e ao seu contorno, de plena funcionalidade para o actual uso peonil e de mínimo consumo enerxético e contaminación lumínica. O titular da Xunta avanzou, ademais, a segunda fase das obras co obxectivo de estender ao contorno da Capela dos Remedios o proxecto de posta en valor da ponte. E, concluíu destacando a cidade de Ourense como un exemplo en cooperación e disposición ao acordo, reflectido tamén en proxectos como os labores de reparación da Ponte do Milenio, a conversión en museo dos restos da antiga igrexa de San Francisco.



Xantar



18º Salón Internacional de Turismo Gastronómico
OURENSE, DO 1 Ó 5 DE FEBREIRO DE 2017



www.xantar.org



Descubra en Galicia a mellor cociña
da Península Ibérica e Países Convidados

Organiza:



Co apoio de:



O titular da Xunta recibiu a insignia da Gran Cruz da Orde do Infante don Henrique

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, referiuse aos portugueses e galegos como “os primeiros en unir Europa”, proba de que é posible un sentimento supranacional, sen deixar de sentirnos portugueses e españois. Feijóo, quen recibiu a insignia da Gran Cruz da Orde do Infante don Henrique de mans do embaixador de Portugal en España, Francisco Ribeiro de Menezes, afirmou que a relación entre o Norte de Portugal e Galicia é a historia do triunfo do pobo sobre os mapas, “de que non existe estranxeiría, senón veciñanza e de que nunca houbo fronteiras mentais, culturais nin humanas”. Así mesmo, afirmou que ambos os dous territorios tamén aprenderon que as linguas nunca separan, que o uso e posesión de varios idiomas non é unha maldición babélica senón un don. “Como país bilingüe, Galicia sempre soubo que esa circunstancia, nacida da historia e da vontade da xente, non era un atranco senón unha vantaxe no mundo aberto”, dixo, lembrando, a modo de exemplo, que en 2014 naceu, co apoio unánime do Parlamento de Galicia, unha lei para reforzar os vencellos coa lusofonía; unha lei que leva o nome de Valentín Paz Andrade -pensador, intelectual, home de empresa e loitador incansable a prol do achegamento das nosas realidades culturais-, “e que impulsa todo tipo de pontes de colaboración, sobre os piares de dúas linguas que agora son irmás, e que nun tempo foron unha”.

Lingua extranxeira

Ao respecto, o presidente do Goberno galego destacou tamén que así foi como en febreiro de 2015, no marco da Real



■ O embaixador de Portugal en España, Francisco Ribeiro de Menezes, impuxo a Gran Cruz a Feijóo

Academia Galega, o Instituto Camões e a Xunta acordan a incorporación do portugués como lingua estranxeira de opción e avaliación curricular, no ensino non universitario de Galicia. E, lonxe de querer que aquilo fose un xesto illado, salientou que a colaboración continúa no programa Interreg para a recolección e difusión do patrimonio colectivo da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Nesta mesma liña afirmou ademais que, en datas recentes, a Comunidade dos Países en Lingua Portuguesa admitía o Consello da Cultura Galega como observador consul-

tivo. “Activamos tamén a versión en lingua portuguesa do Diario Oficial de Galicia, como unha lóxica consecuencia dos intensos intercambios de todo tipo (económicos, empresariais...). Máis de 3.500 persoas estudan portugués na Comunidade galega e no curso 2015/16 o portugués estaba presente en 60 centros de ensino”, resaltou, engadindo que na Escola Oficial de Idiomas máis de 1.100 alumnos cursan portugués e na Escola Galega de Administración Pública estanse ofertando 200 prazas en teleformación nesa lingua. Feijóo concluíu cunhas palabras de agradece-

mento ao ex-presidente da República Portuguesa, Aníbal Cavaco Silva, pola concesión desta condecoración, ao tempo que lembrou que foi el quen, xunto co ex-presidente Fraga, amosou o seu interese por apuntalar os vencellos entre ambos os dous territorios co impulso da autoestrada a ambos os lados do Miño. E trasladou ao actual primeiro ministro do país, Antonio Costa, e ao presidente da República, Marcelo Rebelo de Sousa, a intención do Goberno galego de seguir reforzando nesta nova etapa “a xa estreita relación destes dous pobos veciños e irmáns”.

Compostela é a cidade máis inspiradora

A axencia de viaxes online TravelBird acaba de publicar un estudo sobre as cidades máis inspiradoras do mundo. Nesa clasificación, Santiago de Compostela sitúase como a sexta cidade do mundo, a cuarta de Europa e a primeira de España. Esta clasificación utiliza oito criterios asociados coa innovación e a creatividade para permitir aos viaxeiros a elixir a súa mellor próxima aventura. TravelBird seleccionou as 85 cidades máis inspiradoras do mundo, entre as que calculou o índice de inspiración de cada unha, tendo en conta aspectos como as empresas de artes escénicas, escolas de arte, galerías de arte, museos, instalacións de produción musical, industria cinematográfica e startups que buscan fondos situados dentro da cidade. Tamén se cla-



■ Compostela, primeira cidade inspiradora de España

sificou o nivel de inspiración romántica polo número de buscas en Google por palabras claves enfocadas no romance (por exemplo, buscas de áreas románticas, ceas, etc), no idioma nativo, en cada destino. Santiago resultou ser a cidade máis inspiradora de España e a sexta a nivel mundial, nunha clasificación na que tamén figuran outras catro cidades do Estado: Barcelona, no posto 15 da clasificación xeral; Sevilla, no 49; Valencia, no 50; e Madrid, no 61. Nas clasificacións temáticas, Santiago de Compostela obtén especialmente bos resultados no que se refire ao índice de escolas de arte en relación á súa poboación, onde é a primeira cidade, ou no índice de galerías de arte tamén en relación á poboación, onde é a cuarta clasificada.

Galicia

Redacción LUGO

Premiados en Italia vinte viños da Ribeira Sacra

Celebrouse en Monforte de Lemos a tradicional comida de Nadal que cada ano organiza o Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra. Asistiron numerosos adegueiros, representantes do pleno do Consello Regulador e da administración local e autonómica. Nesta cita de confraternidade realizouse a entrega dos diplomas e medallas ás adegas premiadas no “Mondial des Vins Extremes de 2016”, antes denominado Concurso Internacional de Viños de Montaña, que se celebrou o pasado mes de xullo no Val de Aosta (Italia) organizado polo CERVIM organismo internacional destinado á protección e defensa da viticultura de montaña en Europa. Ao devandito certame, as adegas da Ribeira Sacra presentaron un total de 59 mostras, 50 correspondentes a viño tinto e 9 a viño branco; principalmente das anadas de 2015 e de 2014, pero tamén se presentaron 7 mostras correspondentes ás anadas de 2013 e anteriores. Os viños de Ribeira Sacra obtiveron neste concurso un total de 20 premios: un premio especial, unha gran medalla de ouro, 8 medallas de ouro e 10 medallas de prata. Os viños de Ribeira Sacra premiados son: premio excelencia CERVIM 2016, premio especial outorgado á adega con mellor puntuación de España, que foi para o viño da Ribeira Sacra “Don Bernardino 4 Xeración 2012” mencía barrica da adega Don Bernardino S.L. de Sober (Lugo). Na categoría de viños brancos a medalla de prata foi para “Abadía da Cova 2015” branco summum de Adegas Moure S.A. do Saviñao (Lugo). “Adega Vella 2015” godello da adega Jorge Feijoo González da Teixeira (Ourense).



■ Representantes das adegas premiadas

Viños tintos

Na categoría de viños tintos das vendimas 2015 e 2014 as medallas de ouro foron para “Chapeu Tinto Carballo 2014” tinto sumumm barrica da adega Nova Toural S.L. do Saviñao (Lugo). “Don Bernardino 2015” mencía da adega Don Bernardino S.L. de Sober (Lugo). “Adega Vella 2015” mencía da adega Jorge Feijoo González da Teixeira (Ourense). “Verdes Matas 2015” mencía da adega Pena das Donas de Pantón (Lugo). “Ciusadeis Celamide 2015” mencía da adega M^a Gloria Alvarín Losada de Monforte de Lemos (Lugo). “tear 2015” mencía da adega Manuela Valdés Pérez de Sober (Lugo). “Abadía da Cova 2014” mencía barrica da

adega Adegas Moure S.A. do Saviñao (Lugo). As medallas de prata as recibiron: “Cruceiro 2015” mencía da adega de Ramón Marcos Fernández de Sober (Lugo). “Décima 2015” mencía da adega de José Manuel Rodríguez González de Sober (Lugo). “Viña Mesquita 2015” mencía da adega de José Manuel Vidal López de Sober (Lugo). “Viña Peón 2015” mencía da adega de Ernesto Rodríguez Pérez de Sober (Lugo). “Regina Viarum 2015” mencía da adega Regina Viarum S.L. de Sober (Lugo). “Porvide 2015” mencía da adega Aceiroga S.L. de Quiroga (Lugo). “Viña Cazoga 2015” mencía da adega Jorge Enrique Carneiro Fiuza de Sober (Lugo). Na categoría de viños tin-

tos das vendimas de 2013 e anteriores, a gran medalla de ouro foi para “Don Bernardino 4 Xeración 2012”. A medalla de ouro foi para: “Regina Expresión 2012” mencía barrica da adega Regina Viarum en Sober (Lugo). A medalla de prata a recibiu “Regina Viarum Ecolóxico 2013” mencía barrica da adega Regina Viarum en Sober (Lugo). Os diferentes diplomas e medallas foron entregados aos representantes das adegas por membros da administración autonómica e local, entre eles a conselleira de Medio Rural da Xunta de Galicia, Ánxeles Vázquez Mejuto e tamén polo presidente do Cervim, Roberto Gaudio e o vicepresidente do mesmo organismo.

Beneficios a gandeiros coa mellora da raza rubia galega

O vicepresidente da Deputación de Lugo, Álvaro Santos, informou que o Goberno da Deputación xerou case 2 millóns de euros de beneficios aos gandeiros coa mellora da raza rubia galega. Concretamente son 1.848.000 euros que se acadaron coa venda de novillas que foron recriadas e melloradas na Granxa Gayoso Castro, e posteriormente vendidas. Fíxose ao abeiro do convenio de colaboración que mantén a Deputación e ACRUGA. Santos Ramos avanzou esta cifra no transcurso dunha rolda de prensa, celebrada en San Marcos, xunto ao presidente de ACRUGA, Cesar Dorado Pin. O vicepresidente remarcou a forte aposta do Goberno provincial por mellorar a calidade gandeira da provincia. Santos Ramos destacou a importancia do sector agrícola e gandeiro na provincia de Lugo. “A Deputación vai seguir impulsando o convenio con ACRUGA, porque o sector primario foi, é, e seguirá sendo de capital importancia para a provincia de Lugo”. Ex-



■ Álvaro Santos Ramos e César Dorado Pin

plicou que a meirande parte dos gandeiros de nova incorporación opta pola produción de carne selecta de rubia galega, e avanzou que este tipo de iniciativas son necesarias, tanto pola demanda que teñen, como polo impacto no sector e territorio. Dorado Pin agradeceu o esforzo da Deputación coa promoción da raza rubia galega. “Coa sinatura do convenio coa Deputación medrou moito esta cabana, tanto dentro como fóra de Galicia, xa que estes exemplares son de elite, e esperemos que poidamos seguir traballando e colaborando conxuntamente para poder seguir mantendo esta raza autóctona”. A Deputación ten asinado un convenio de colaboración con ACRUGA dende o ano 2007 para expandir a raza rubia galega. Este acordo permite o coidado a manutención e a exposición nas feiras dos rebaños; selección dos mellores exemplares nas explotacións da raza rubia galega; recria de femias, venda e distribución e promoción e difusión da raza.

A Xunta aposta pola innovación para o crecemento de Galicia e Norte de Portugal

O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda dixo que entre as prioridades fundamentais nas relacións entre Galicia e o Norte de Portugal está incentivar o crecemento económico baseado na innovación, no fomento do emprego e nos emprendedores. Rueda participou na inauguración da xornada “As relacións económicas entre Galicia e o Norte de Portugal”, xunto ao presidente da CCDR-N, Fernando Freire de Sousa; a presidenta do CES, Corina Porro; o director do Idega, Alberto Meixide; e o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, onde incidiu que a economía é un factor capital na integración entre Galicia e o Norte de Portugal, e debe seguir sendo un dos eixos da cooperación no presente e no futuro. O vicepresidente da Xunta destacou que despois de décadas de cooperación e colaboración fluída en todos os ámbitos, hoxe en día, Galicia e Norte de Portugal son un exemplo de cooperación, recoñecido polas institucións da Unión Europea, tanto a nivel rexional, como municipal, empresarial e mesmo entre os propios cidadáns.



■ Corina Porro, Alfonso Rueda e Fernando Freire de Sousa

Eurorrexión

Nesta liña, celebrouse recentemente en Pontevedra o segundo encontro de incubadoras da Eurorrexión, que pretende poñer en marcha unha rede de incubadoras que axuden ás nosas empresas a medrar e a identificar novas oportunidades de negocio, xa que a creación de

emprego é unhas das grandes prioridades, tanto a un lado como a outro do Miño, e na consecución deste obxectivo xogan un papel fundamental as nosas empresas e os nosos emprendedores. Ademais, neste último cuarto de século puxéronse en marcha moitas iniciativas como a mellora de infraestruturas conxuntas; a

posta en marcha dun Laboratorio Ibérico de Nanotecnoloxía, que se consolidou en ben pouco tempo como unha referencia mundial; o programa Iacobus de intercambio entre as universidades. Unha cooperación que se estende a todos os ámbitos, ao medio ambiente, as infraestruturas, a cultura, e tamén á xestión das emerxencias. No Plan de Investimentos Conxuntos, aprobado en 2014, que define o destino dos fondos da cooperación transfronteiriza, teñen especial relevancia os tres sectores que se analizaron nesta xornada, que son a automoción, o téxtil e o turismo, de gran relevancia na Eurorrexión, xa que foi no sector da automoción, onde por primeira vez, se puxo en marcha un clúster transfronteirizo. No eido do téxtil está en marcha un convenio para impulsar accións conxuntas neste sector punteiro da economía eurorrexional. E no sector estratéxico do turismo, con programas como “Dous países, un destino” e coa revitalización do Camiño Portugués a Santiago coa súa candidatura a Patrimonio Inmaterial da Unesco, entre outras iniciativas.

Mensagem do Presidente da Cámara de Mirandela

O concello de Mirandela caracterízase pelas súas deslumbrantes paisagens naturais, num relevo rasgado polo río Tua e pautado pola geometría, diríase-ia quase rigorosa dos seus olivais.

Municipio do interior profundo de Trás-os-Montes, Mirandela sofre tamén com o peso dessa interioridade e da repressão dum país assente num litoral centralista que ignorou criterios de coesão e solidariedade.

Ao longo dos recentes anos, asumíuse como prioritario o combate ao despovoamento, à desertificação e ao envelhecimento da população, procurando garantir a atracción de novas actividades e promovendo a valorización de fileiras mais tradicionais, nomeadamente, as do setor primário.

Tem destaque a fileira olivícola, dominante na estrutura agrícola local, mas também assente em fileiras complementares como as hortícolas, o mel, o queijo ou mesmo o vinho, refira-se ainda a im-

portância da Alheira de Mirandela, verdadeiro ícone local e elemento essencial da economia e sustentabilidade do concelho.

À tradicional hospitalidade transmontana, associa-se uma acolhedora frente ribeirinha complementada por uma oferta comercial assente nos produtos tradicionais e locais, embaixadores e reveladores de um modo de vida e de um saber fazer ancestral que privilegia a tipicidade, mas também revelador de um dinâmico setor primário e agroindustrial.

Se a oferta urbana de Mirandela contradiz um contexto regional tradicionalmente deprimido, a sua complementaridade, com o meio rural afirma-se pela beleza da sua vila e das aldeias que associam essa ruralidade a um meio natural, cultural e patrimonial singular.

Mirandela convida à descoberta, mas apela também à fixação e é esse o percurso que propomos a todos os que nos visitam: vir a Mirandela, sentir Mirandela, viver Mirandela e ficar para sempre com Mirandela no seu coração.

Aguardamos por si.

O Presidente da Câmara Municipal de Mirandela.

António Almor Branco



O judoka tomiñés Brais Pereira, medalla de ouro na Copa de España de Gijón

Na Festa do Judo Infantil, celebrada en Vigo o pasado domingo, participaron uns cincuenta deportistas tomiñeses, que amosaron que a canteira do club Baixo Miño está asegurada.

Unha vez máis o judoka tomiñés Brais Pereira Amorín, do club de judo Baixo Miño subíuse ao máis alto do podium.

O deportista participou o pasado sábado, 17 de decembro, na copa de España Junior de Gijón na categoría de -81kg, realizando unha moi boa competición. Logrou impoñerse en todos os seus combates pola máxima puntuación, afianzándose como un dos mellores judokas na súa categoría a nivel nacional.

Á espera de confirmación oficial da Federación Española, o tomiñés sitúase entre os tres mellores judokas do ranking nacional.

Brais quixo aproveitar a ocasión para agradecer a axuda que lle prestou o Concello de Tomiño, así como o seu patrocinador, Construcións Castro.

Doutra banda, o pasado domingo, celebrouse en Vigo a Festa do Judo Infantil, na que participaron uns 50 judokas tomiñeses (Centro VIP e Escolas Deportivas



Goián) pertencentes ao clube de judo Baixo Miño. Deportistas de idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos que demostraron que a canteira do club está asegurada.

Desde o club quírese dar o parabén a todos e todas, e desexarlles Felices Festas; o mesmo que desde o equipo de goberno de Tomiño e o resto da corporación local.

Novas da Raia

A GUARDA

O Goberno Portugués recibe a candidatura do Esteiro do Miño a Patrimonio Mundial

O pasado venres 16 de decembro o presidente da cámara de Caminha, Miguel Alves e o alcalde da Guarda, Antonio Lomba mantiveron unha xuntanza con Luís de Castro Mendes, ministro da Cultura Portugués, para recabar o apoio do goberno Luso á candidatura do Esteiro do Miño como Patrimonio da Humanidade na categoría de Paisaxe Cultural Transfronteiriza. A reunión tamén asistiron os dous responsables da redacción do informe que os concellos presentarán en 2017 para ser avaliado pola UNESCO para a súa inclusión na Lista Indicativa, primeiro paso no proceso de declaración de Patrimonio da Humanidade.

Durante a xuntanza na sede do Ministerio da Cultura o presidente da cámara de Caminha e o alcalde da Guarda expuxeron ao Ministro as cualidades que abalan esta candidatura na que estiveron traballando durante o último ano. O valor do esteiro e do propio río Miño para as comunidades galega e portuguesa, a riqueza paisaxística, natural, patrimonial, etnográfica, social e humana representadas nas paisaxes naturais e naquelas forxadas polas relacións humanas durante máis de 2.000 anos. Falaron en resumo daqueles valores que, segundo o seu criterio, consideran que merecen ser tidos en conta pola UNESCO como Patrimonio Mundial.

“Ademais dos valores que todos coñe-



ceamos como son: paisaxe, patrimonio e natureza, fixen tamén fincapé nas relacións humanas entre as dúas vilas e referímonos expresamente ao uso dunha

embarcación común coñecida como Gamela en Galicia e Maseira en Portugal. Precisamente unha reprodución dunha gamela en bronce foi o agasallo insti-

tucional que como alcalde da Guarda entreguei ao Ministro Portugués”, declara Antonio Lomba.

O profesor Jordi Tresserras, director do Laboratorio de Patrimonio, Creatividade e Turismo Cultural da Universidade de Barcelona comentou co Ministro os pormenores máis técnicos da candidatura. Comentoulle que xa tivera contactos con ICOMOS-Portugal, unha comisión dependente da UNESCO, para recabar a súa opinión sobre o documento da proposta e recibir as súas recomendacións.

O Ministro expresou interese e entusiasmo en relación á esta candidatura e animou aos presentes a continuar cun procedemento que ve con moitas posibilidades de éxito. Recordou que ao ser unha candidatura transfronteiriza tiña que ter os parabéns dos gobernos de España e Portugal. As palabras de Luís de Castro Mendes foron moi celebradas polos alcaldes que lle mostraron o seu agradecemento por telos recibido e por mostrar boa disposición coa súa proposta.

No peche da reunión o Ministro mostrou interese por facer en breve un viaxe institucional a Caminha e arrancou o compromiso de Miguel Alves de organizar un evento que dera contido á visita. Antonio Lomba aproveitou a ocasión para convidar ao Ministro a visitar A Guarda e o Monte Trega, convite que Luís de Castro Mendes aceptou de inmediato.

SALCEDA

O PSOE de Salceda pide asesoramento polas retencións sobre a prestación de maternidade

Unha recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid obriga a Axencia Tributaria a devolverlle a unha traballadora as retencións efectuadas sobre a prestación de maternidade. “O Tribunal entende que a lei non contempla esa retención e obriga a devolverlle os cartos á persoa que recorreu”, indicou Verónica Tourón, voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE de Salceda.

A través desta moción o que solicita o grupo municipal é buscar fórmulas para chegar a acordos ou convenios co Colexio de Avogados para que se poida prestar un servizo de asesoramento legal a este colectivo afectado, indicándolle como poden iniciar o procedemento de reclamación.

Dende o Grupo Municipal Socialista, suñen que as administracións teñen a



obriga de estar presentes e mostrar apoio e colaboración nestas situacións, para que as traballadoras poidan reclamar os seus dereitos. “Como todos sabemos non todas as

afectadas teñen recursos para iniciar unha reclamación deste tipo, pola súa complexidade e polo seu custo, por este motivo é polo que se pretende darlle cobertura a un

colectivo con un problema común”. Engaden dende o grupo municipal socialista que e a loita pola igualdade ten que ir máis aló de meros actos testemuñais e de publicidade.

Estenden a petición á Deputación Provincial

Por outra banda, explican que esta petición se estende tamén á Deputación Provincial, considerando que é un problema que non afecta só ás mulleres de Salceda. A sensibilidade que mostra a nova Deputación en materia de igualdade, a través dos seus programas e actuacións é excepcional, polo que cremos que este tipo de iniciativas ten cabida nas súas iniciativas en prol da igualdade que con tanto éxito está a desenvolver esta Administración.

PONTEAREAS

Ponteareas recibe a aprobación definitiva dos 5 millóns de euros de fondos europeos

Suporá un investimento total 6,25 millóns para transformar e modernizar Ponteareas

O pasado día 14 de decembro, o BOE publicou a resolución da Secretaría de Estado de Orzamentos, pola que resolve definitivamente a selección da estratexia de desenvolvemento urbano "Habitat Saudábel", pola que Ponteareas pasa a ser un dos concellos beneficiarios dunha subvención de 5 millóns de euros do programa operativo FEDER de Creceemento Sostible 2014-2020. A esta cantidade o Concello engadirá 1,25 millóns de fondos propios nos vindeiros anos.

Con esta resolución abriuse un novo procedemento de tramitación administrativa polo que o Concello pasa a ser o un Organismo de Selección das operacións a realizar. Esta fase, marcada polo Ministerio de Administracións Públicas, é moi esixente co funcionamento da administración local e obriga a un maior control. Ademais do prazo de dez días fixado para aceptar a resolución definitiva, o ministerio xa convoca aos responsables técnicos a unha nova reunión en Madrid para o día 22 no que entre outras cuestións prevén presentar o Manual de Procedementos cos criterios de selección das operacións.

O alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, considera que a xestión desta subvención é un reto para a administración local e tamén



■ Casa do Concello de Ponteareas

unha inmejorable oportunidade para fortalecer e actualizar o funcionamento administrativo e técnico do Concello de Ponteareas, unha das eivas que afecta negativamente ás relacións coa cidadanía e a unha áxil resposta de todos os procedementos. "O investimento de 6.250.000 euros vai permitir unha modernización da xestión e actuacións relevantes de mellora da imaxe urbana e de recuperación do Tea na zona máis próxima ao núcleo" manifestou Represas.

A estratexia "Ponteareas, Hábitat Saudable" desenvolverá catro grandes eixos: tecnoloxías da información, economía baixa en carbono, protección do medio ambiente e inclusión social e redución da pobreza.

O Concello, trala resolución do Ministerio de Facenda e Función Pública, activa a Comisión de Seguimento da EDUSI na que participan todos os Grupos políticos da Corporación, para tratar da xestión deste programa. A reunión celebrábase o vindeiro mércores 21, despois desta primeira reunión da Corporación abrírase un proceso de participación a colectivos sociais sobre as distintas liñas de actuación. "É a maior subvención de fondos europeos da historia de Ponteareas" afirmou a concelleira de urbanismo e primeira tenente de alcalde, María Jesús Garrote.

Colabora na recollida de medicamentos para "Camino a Grecia"

A iniciativa tenta axudar a suplir a falta de recursos no tratamento sanitario dos refuxiados en Grecia por mor da guerra en Siria.

O Concello de Ponteareas convida á súa veciñanza a participar na recollida de medicamentos. Segundo demanda a organización, os máis requiridos son os complexos vitamínicos para o embarazo, paracetamol, ibuprofeno, pomada an-

tibiótica mupirozina, urbazon -tanto inxectable coma oral-, clomitalol, fenticonazol, anticonceptivos, doxiciclina, fluconazol e voltaren. O punto de recollida é a tenda Tequeletequele, sita na rúa Esperanza nº14.

Para máis información poden visitar a páxina <https://caminoagrecia.wordpress.com> ou enviar un mail a caminoagrecia@gmail.com



Novas da Raia

PORRIÑO

O PSOE propón á alcaldesa do Porriño para a vicepresidencia da Área Metropolitana

O Grupo Municipal Socialista da Área Metropolitana de Vigo, constituído na cidade, ven de propoñer á alcaldesa do Porriño, para que ocupe a Vicepresidencia segunda deste organismo supramunicipal.

Eva García de la Torre, que é alcaldesa dende o mes de xuño de 2015, ocupa tamén a Presidencia do Consorcio de Augas do Louro e é membro do Comité Executivo da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP).

García de la Torre agradece a “enorme confianza que veñen de



darme as compañeiras e compañeiros do Grupo Socialista” e cualifica de “honra” representar ás veciñas e veciños de O Porriño neste organismo.

Para a alcaldesa a Área Metropolitana é un proxecto de “grande importancia para máis de 400.000 persoas ás que estamos obrigados a representar deixando de lado estratexias partidistas”. Porén, sinala Eva García de la Torre, “defenderei con esforzo, dedicación e paixón os intereses de todas e todos os cidadáns da Área Metropolitana e en especial as das porriñesas e porriñeses”.

Ninguén puido con Isabel Castro e Samuel González na Copa Galicia de Ciclocross

Os dous corredores con mellor golpe de pedal a día de hoxe no ciclocross galego dominaron as carreiras Elite e Sub23 do ‘Trofeo Horacio Barros’. Isabel Castro e Samuel González prolongaron as súas xeirias de vitorias na décima e penúltima cita puntuable da Copa Galicia disputada en O Porriño. A ciclista do Fornelos sentenciou o ranking feminino co seu sexto triunfo parcial desta campaña e o representante do Salvaterra impúxose por quinta xornada consecutiva.

No resto de categorías os gañadores foron Mario Fernández (O Rosal) e Andrea García (Cambre) en cadetes; Guillermo García (Marín) e Sara Yusto (Bioracer-EK) en juniors; Andrés Calvete (Cambre) en Máster-30; Juan José Saborido (Compostelano) en Máster-40; e Marcial Rodríguez (Québici-Marcisport) en Máster-50/60. A 40ª edición desta clásica do ciclocross autonómico estivo organizada polo Concello do Porriño, o Clube Ciclista Spol e a Federación Galega de Ciclismo (FGC). No circuito do Velódromo reuníronse máis de 200 participantes.

O plan inicial de Samuel González para esta fin de semana non era correr no Porriño. O sub23 do Salvaterra atopábase de camiño a Valencia para disputar a última proba da Copa de España. Por mor



do mal tempo esa competición anulouse e o ciclista vigués chegou a tempo ao Trofeo Horacio Barros tras regresar en tren dende Madrid.

O seu triunfo resultou incontestable. Dende o bandeirazo inicial marchouse xunto ao seu compañeiro e líder da xeral Mauro González. Na segunda volta Samuel González quedouse en solitario e a partir de aí “rodei bastante cómodo, sen

arriscar moito e ampliando diferencias. Foi máis doado que outras veces”.

Cun tempo de 52 minutos e 32 segundos colleitou o seu quinto triunfo deste curso. A segunda posición, a 54”, correspondeulle a Mauro González, primeiro Elite e que chega á última xornada con 80 puntos de vantaxe sobre Samuel González. A terceira praza, a 1:02 do gañador, foi para Raúl Fernández (Fornelos).

Un guiñón diferente seguiu Isabel Castro para adxudicarse a carreira Elite e Sub23 feminina. De saída, a súa filla e compañeira Desirée Duarte asumiu o mando da proba. Castro descolgouse, pero pouco pouco foi recurtando a diferenza ata alcanzar a cabeza: “Desirée tirou durante toda a carreira e na penúltima volta decidín probar. Adianteina nunha recta e ela non me aguantou o ritmo. A carreira gustoume moito, foi tan dura como bonita”.

A líder ergueu os brazos despois de 47 minutos e 35 segundos de esforzo. Duarte rematou 11” despois e Sandra Moral (Cidade de Lugo) ocupou a terceira posición a 2:11 de Castro. Con este triunfo, a ciclista do Fornelos xa é gañadora matemática do ranking feminino.

A falta dunha xornada para que a Copa Galicia 2016 finalice o vindeiro sábado en Maceda, o único ranking que rexistra variacións no máis alto é o cadete feminino. Andrea García arrebatoulle o primeiro posto a Noela Saa (Maceda). Nas outras clasificacións xerais non hai cambios. Mario Fernández continúa como líder nos cadetes; Sara Trigo (Cidade de Lugo) e Pablo Álvarez (Cambre) en juniors; Andrés Calvete en Máster-30; Manuel Armada (Asociación Galega) en Máster-40; e Javier de la Fuente (Betanzos) en Máster-50/60.

SALVATERRA



Campaña de reciclaxe no CEIP Infante Felipe de Borbón de Salvaterra

ATte. Alcalde do Concello de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel Gómez, fixo entrega ao alumnado do CEIP Infante Felipe de Borbón de papeleiras de reciclaxe para as súas aulas.

Por segundo ano consecutivo o CEIP Infante Felipe organiza unha campaña de reciclaxe entre o alumnado do centro educativo, en colaboración co Concello de Salvaterra de Miño. Un proxecto ambicioso que pretende a implicación de todos os nenos e nenas do colexio coa implantación de papeleiras de orgánico, papel e plástico en todas as aulas do centro, co fin de incrementar e concienciar sobre a reciclaxe.

Este proxecto iniciouse o ano pasado buscando a implicación do

alumnado coa colocación no propio centro de diversos colectores de reciclaxe, e este ano quíxose dar un paso máis, xa que despois dunha enquisa feita entre todo o alumnado, en busca de mellorar os datos do ano pasado, este ano buscouse implementar a recollida selectiva nas aulas, co fin de incrementar a cantidade reciclada entre os estudantes. Este proxecto está apoiado polo Concello de Salvaterra de Miño, xa que según a súa Tte Alcalde todos temos que traballar e por o noso gran de area en busca de mellorar o noso medio ambiente, e hai que empezar polos máis pequenos que son o noso futuro e nas súas mans estará seguir traballando por mellorar o noso entorno.



■ Alberto Núñez Feijóo e Fernando Freire de Sousa incidiron na importancia dos proxectos do Programa INTERREG V-A España-Portugal

Colaboración entre Galicia e o Norte de Portugal

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, mantivo unha xuntanza co recentemente nomeado presidente da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (CCDR-N), Fernando Freire de Sousa, onde analizaron as diferentes liñas de colaboración entre Galicia e o Norte de Portugal. No encontro, ao que asistiron o vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, e o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, analizaron, entre outros temas, a cooperación entre ambas as rexións despois de décadas de colaboración grazas ás cales Galicia e Norte de Portugal son hoxe en día un exemplo recoñecido polas institucións da Unión Europea. Feijóo e Freire incidiron na importancia dos proxectos do Programa INTERREG V-A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 que perseguen actuar en cinco grandes ámbitos que están relacionados coa investigación e a innovación, coa competitividade das pemes, coa adaptación ao cambio climático en todos os sectores, coa protección do medio ambiente e coa mellora da capacidade institucional das administracións e dos servizos públicos. A principios de 2017 resolverase a primeira convocatoria de proxectos presentados ao POCTEP.

Cooperación

Un tema destacado da reunión foi a importancia que ten a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte

de Portugal (GNP-AECT) na execución dos proxectos de cooperación transfronteiriza. Ao longo deste ano, esta agrupación continuou o seu compromiso de fomentar a cooperación territorial de proximidade, privilexiando o traballo a favor das empresas e das persoas e baseándose nas prioridades definidas no Plano de Inversións Conxuntos da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal (PIC) 2014-2020. Así, a cooperación transfronteiriza estivo enfocada ao desenvolvemento e cohesión económica e social da Eurorrexión, mediante a promoción da competitividade do tecido empresarial, do coñecemento e da innovación, e o aumento da cohesión social e institucional. Ademais de facilitar a cooperación institucional, fomentando o traballo conxunto entre os axentes públicos e privados galegos e portugueses, a cooperación sectorial estivo sempre na axenda da AECT, executando ou ben apoiando a implantación de proxectos e programas distinguidos en áreas como o emprendemento, a educación (con especial referencia ao Programa Iacobus), a cultura, o turismo, a innovación, o medio ambiente, o desenvolvemento sustentable, a saúde e o benestar, a agricultura, o deporte e a cidadanía, entre outras. Na reunión tratouse que no seguinte Plenario Feijóo pasará a presidir a Comunidade de Traballo Galicia - Norte de Portugal. Este cargo recae de forma rotatoria nos presidentes da Xunta de Galicia e da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal.



Festa dos Fachós 2017

19 xaneiro ás 19,30 horas
Chourizos, pan, viño, queimada e música



CONCELLO DE CASTRO CALDELAS

BAIXO MIÑO

Tomiño aprobou partidas económicas para axudar ás familias a celebrar o Nadal

O Concello de Tomiño investiu preto de oito mil euros (8.000 €) en axudas de Nadal para que as familias con escasos recursos poidan celebrar o Nadal.

Con este fin, o goberno local de Tomiño aprobou na xunta de goberno axudas sociais para que as familias con poucos recursos poidan comprar xoguetes e alimentos para celebrar unha data tan importante.

Deste xeito, máis de 80 menores resultaron beneficiados cos cheques de 30 euros, que recibiron os seus pais para a compra de xoguetes de Nadal, o que suma máis de 2500 euros.

Por outra banda, máis de 50 familias recibiron axudas económicas para comprar alimentos (dependendo do número de persoas que formen a unidade familiar, os cheques van dende os 70 aos 170 euros, sumando un total superior a 5000 euros).

A concelleira de Cultura e Servizos Sociais, Cristina Martínez, sinala que todos estes cheques son para comprar en establecementos

de Tomiño (xogueterías, librerías, supermercados, etc.), contribuíndo tamén deste xeito coa dinamización do comercio local.

Estas axudas enmárcanse na liña de traballo asumida polo goberno local nos últimos anos, co fin de priorizar as necesidades da veciñanza, por riba doutros gastos menos importantes. "Axudar ás persoas de Tomiño, e en especial a aquelas que máis o necesitan, foi e seguirá sendo a prioridade deste equipo de goberno, que dende fai anos promove e inviste para asegurarse de que en Tomiño, ningunha nena nin ningún neno quede sen recibir un agasallo e unha cea de Nadal", salienta a concelleira.

Así mesmo, dende a Concelleira organizouse, como en anos anteriores, unha completa programación de actividades de Nadal e Reis, con xogos, teatro, música e maxia, que "agardamos supoña unha oportunidade de vivir un Nadal especial, pasar bos momentos coa familia e as amizades, e gozar do noso municipio", comenta Martínez.

O Goberno de Tomiño é consciente da transcendencia das festas de Nadal, para o desfrute especialmente dos máis pequenos, e tamén coma elemento dinamizador da actividade ligada ao comercio local.

Nesta mesma liña de velar polo dereito de acceso igualitario dos veciños á cultura, educación e servizos sociais, o goberno aprobou recentemente axudas para material escolar por valor de 6000 euros, e inviste máis de 15.000 na organización de actividades extraescolares impartidas en todos os centros educativos de xeito gratuito.

A preocupación pola educación e conciliación da vida laboral e familiar é outra das prioridades do goberno local tomiñés. Exemplo desa preocupación é que, coma quedou reflectido no consello escolar das dúas escolas infantís do municipio (situadas en Tomiño e Goián), é a primeira vez que en lista de agarda so hai 15 nenos/as, fronte aos 40 apuntados habitualmente.

Novas da Raia

VILA NOVA DE CERVEIRA



■ Antigo ferry Goián-Cerveira / FOTO: Gilberto Coutinho

Fica deserto o concurso para explorar o ferryboat

Atracado no antigo cais de embarque/atracagem, o antigo Ferryboat -que, durante anos, transportou persoas e vehículos entre as dúas margens do río Minho, Cerveira e Goián- tem suscitado muitas conversas e manifestações de interesse para a súa reactivación enquanto bar de apoio.

Perante este cenário, e conjugado com o papel económico e social que lle está asociado, a autarquia cerveirense decidiu abrir un concurso público, por un prazo de cinco anos, para utilización daquele espaço destinado a café-bar com capacidade para 74 lugares, entre sentados no interior e exterior.

Após quase um mês para a receção de propostas, não houve interessados, pelo que o concurso ficou deserto. No entanto, a autarquia cerveirense mostra-se disponível

para auscultar ideias e opiniões de potenciais investidores/empresários quer para a funcionalidade definida ou quer para outra que seja igualmente viável e respeite a identidade da estrutura e do espaço onde está instalado o serviço de transporte.

O antigo Ferryboat de Vila Nova de Cerveira transportou persoas e vehículos entre as dúas margens do río Minho, mas a construción da Ponte da Amizade, em 2004, retirou-lhe a razón de existir. Foi transformado em bar flutuante, após uma intervenção para adaptación a estabelecimento de restauração e bebidas, efectuada pela Câmara Municipal, e concessionado através de concurso público.

Sem interessados na sua exploração, ultimamente o antigo transbordador encontra-se de portas fechadas.

A Xunta segue ignorando as necesidades do Baixo Miño

Para o goberno da Xunta a Vía de Altas Prestacións (VAP) Tui - A Guarda deixou de ser unha prioridade. En períodos preelectorais o PP galego asegura que esta infraestrutura é prioritaria, sen embargo ven sufrindo atraso tras atraso durante os últimos 12 anos e as cousas non pintan nada ben para o futuro, sinalan desde o Goberno municipal da Guarda.

No ano 2016 desviou unha partida de 3,6 millóns de euros destinados ao tramo I da VAP Tui - A Guarda. Estes 3,6 millóns, que sería de xustiza recuperar nos orzamentos de 2017, sumados aos 6,3 que a Xunta anunciara como investimento para o próximo suman 10 millóns de euros. Nos orzamentos presentados para o próximo exercicio non están. Para

o Baixo Miño para 2017 a Xunta castiga ao Baixo Miño consignando unha partida orzamentaria testimonial de 1 millón de euros.

A previsión da Xunta nos orzamentos de 2017 é prolongar o remate do tramo I máis alá do ano 2020 e nada se fala do tramo II, de 10 km de lonxitude, valorado en 77,8 millóns de euros. A Xunta apostou por outras infraestruturas. Nom discurso de investidura Feijóo non nomeou a VAP Tui - A Guarda; na presentación do Proxecto de Orzamentos xerais 2017 da Xunta de Galicia que colga da páxina web da Consellería de Facenda, na que nin sequera aparece esta infraestrutura.

A preocupación do equipo de goberno do concello da Guarda é grande, a VAP é fundamental para o desenvolvemento do

noso territorio. De non estar executada nun prazo razoable, a nosa comarca, con máis de 40.000 habitantes, quedará condenada a ser unha das peores comunicadas de Galicia con esa cantidade de poboación.

No concello da Guarda existe unha gran preocupación polo financiamento das obras. Temos que ter en conta que a Galicia están chegando fondos de cohesión dende Europa no marco dos Programas Operativos 2014-20, pero non sabemos que sucederá máis alá de 2020.

Os veciños do Baixo Miño merecen unha explicación da actitude da Xunta ao ignorar as súas demandas de execución desta obra que o mesmo Feijóo, cando era Conselleiro de Política Territorial, consideraba prioritaria.

VAL MIÑOR

Beneficios sociais no programa termal ofrecido polo Imsero

Programa de Terma-lismo Social que pon en marcha cada ano o Imsero está dirixido a persoas residentes en España que reúnan os requisitos de:

Ser pensionistas de xubilación ou incapacidade permanente do Sistema da Seguridade Social Española, ser pensionistas de viudedade con cincuenta e cinco anos cumpridos do sistema español de Seguridade Social, pensionistas por outros conceptos

con máis de de sesenta e cinco anos.

O prazo para a presentación das solicitudes é:

Para os turnos dos meses de febreiro ata agosto ambos inclusive ata o 13 de xaneiro de 2017

Para os turnos dos setembro ata decembro, ambos inclusive ata o 12 de maio de 2017.

Para maior información e tramitación de solicitudes, pasar polo Departamento de Benestar Social do Concello de Gondomar.

Novas da Raia

PORTO - Por Francisco Puñal

Inaugurada nova escultura no Porto

Está inspirada nun desenho da artista iraniana Mahboobeh Pakdel que retrata o drama dos refugiados

Na cidade portuguesa do Porto, e com a presença do ministro da Cultura, Luís Filipe Castro Mendes, outras autoridades e Luiz Humberto Marcos, diretor do Museu Nacional da Imprensa, foi inaugurada uma escultura inspirada no desenho da artista iraniana Mahboobeh Pakdel, que retrata o drama dos refugiados no Mediterrâneo e ganhou o grande prémio no último PortoCartoon. A escultura, localizada junto da estação principal de metro - Trindade -, tem 8 metros de altura e quase 8 de largura, e é da autoria de Rui Ferro.

Em sua mensagem, a artista iraniana escreveu: "Tornar este belo monumento reflexo da minha pintura que versa sobre a paz da humanidade, constitui uma prova disso e eu tenho que dizer que me sinto muito honrada em fazer parte dessa valiosa obra. No desenho, eu quis mostrar os refugiados inocentes que imigram para a Europa pondo em perigo as suas vidas, quando a única coisa que pretendem é viver em paz e harmonia. Realmente esperamos muito mais da União Europeia e da comunidade internacional".

Nas palavras de inauguração, Luís Humberto Marcos disse: "Fazer uma ponte de humor entre culturas, países e regiões, tem sido um dos principais objetivos do PortoCartoon. Num mundo cada vez mais global e complexo, o humor constitui uma boa linguagem de partilha e cooperação."

Esta escultura remete-nos para o Entendimento Global, tema que serviu de estímulo à convocação dos cartunistas do mundo inteiro, para o PortoCartoon 2016.

Esta é a nova peça de um projeto iniciado a poucos metros daqui, na Avenida dos Aliados, com uma obra de Siza Vieira. Junto dela, com o saudoso Wolinski e outros artistas, proclamou-se, em dez línguas diferentes, o Porto como Capital Mundial do Cartoon. Corria 2008 e, a partir daí, todos os anos é implantada uma nova escultura no espaço público do Porto. Objetivo: criar um roteiro turístico de humor, em arte pública. Sem a liberdade (marca granítica do Porto) e sem humor (inscrito na natureza humana) não há lugar para entendimentos de qualquer tipo. Aqui estamos a reforçar o valor das pontes culturais que, com humor, queremos estabelecer com o mundo e para o mundo. Com esta escultura e com o simbolismo das pontes cumprimos aquilo que era um pensamento utópico de Wolinsky: "o humor", disse e diz ele, "é o caminho mais curto entre as pessoas". Sem humor, a nossa respiração democrática fica inquinada. O Humor é indispensável à ecologia urbana, mesmo que isso possa parecer mais uma utopia...


Com humor queremos, pois, que a arte pública do PortoCartoon marque, de forma significativa, a cidade do Porto como Capital do Cartoon!



■ Luís Humberto Marcos, pronuncia as palavras da inauguração em presença do ministro português da Cultura e outras autoridades



■ Um brinde a nova escultura em Porto



■ Desenho ganhador do último PortoCartoon, por Mahboobeh Pakdel

Maceda participará por primeira vez cun restaurante no salón internacional Xantar

O Concello de Maceda participará por primeira vez cun restaurante en Xantar, Salón Internacional de Turismo Gastronómico, que se celebrará en Expourense entre o 1 e o 5 de febreiro de 2017. Logo de ter participado en varias edicións cun stand no que daban a coñecer atractivos turísticos como o Entroido, este Concello dá un paso máis na súa promoción e contará cun restaurante que ofrecerá un menú baseado en produtos autóctonos e de calidade como o cabrito da Serra de San Mamede, o leitón, os cogomelos e a bica. O encargado de elaborar este menú será o recoñecido cociñeiro Carlos Parra, quen na actualidade ocupa o cargo de director xerente do Hotel Monumento Castelo Medieval de Maceda, un dos principais atractivos históricos do concello e que data do século XII. A participación de Maceda en Xantar 2017 foi presentada nun acto celebrado no castelo no que estiveron presentes o alcalde deste Rubén Quintas, o restaurador Carlos Parra, e o director xerente de Expourense e director de Xantar, Alejandro Rubín. Este Concello contará ademais cun día adicado, que será o domingo 5 de febreiro, no que se agarda que visiten o salón numerosos veciños desta localidade. O alcalde indicou que “Maceda, e tamén o seu comercio local, está no momento idóneo para dar o salto e colocarse no mapa turístico gastronómico galego porque temos recursos para estalo”. Ademais do restaurante, Maceda



■ Alejandro Rubín, Rubén Quintas e Carlos Parra

contará cun stand dende o que promocionarse como destino turístico completo e próximo e no que, sen dúbida, o seu Entroido, declarado Festa de Interese Galego, e a súa personaxe única, o Felo, ocuparán

un lugar destacado. Tamén promocionarán a súa Festa Medieval, que se celebra durante a segunda fin de semana de agosto, e na que a carne de leitón é unha das protagonistas. Maceda súmase así á lista de

concellos que participan ou teñen participado con restaurante propio en Xantar para promocionar a calidade da súa gastronomía autóctona como é o caso de Parada de Sil e Vila de Cruces, entre outros.



Miscelánea

Redacción OURENSE

ENTREVISTA A SARA INÉS VEGA, ALCALDESA DE CASTRO CALDELAS

Culto ao lume cos fachós en Castro Caldelas

A Festa dos Fachós de Castro Caldelas celébrase o 19 de xaneiro na víspera do san Sebastián. Comeza coa caída do sol e prolongase durante a noite, representando unha das tradicións de culto ao lume máis representativas de Galicia. Sara Inés Vega Núñez, alcaldesa de Castro Caldelas fala sobre esta festa: "Consiste nunha procesión na que saen do santuario dos Remedios centos de "fachós" que percorren o casco histórico, arrodeando o castelo e facendo o percorrido en plena oscuridade (soamente o castelo está alumeado). Vai presidida por un fachón dun mínimo de 30 metros por detrás da imaxe do santo, feita de palla ao igual que os fachós. Remata a procesión no atrio do santuario donde se queiman todos os restos nunha gran fogueira, culminando o rito do lume purificador en medio do repenique de campás".

Cáles son as orixes desta festa?

A pesar de que a Festa dos Fachós é una tradición ancestral, non se pode determinar a súa orixe con certeza. As primeiras referencias escritas das que se ten constancia son do ano 1751, sendo una das celebracións máis antigas de Galicia. Hai escritos que falan das tradicións celtas relacionadas co lume, antes de ser cristianizado asimilado ó culto a san Sebastián. O escritor ourensán Vicente Risco relaciona esta festa cós ritos celtas de culto ao sol. Outra hipótese apunta ao século XVIII para referirse ao orixe do ritual, cuando unha peste de cólera assolou a comarca caldelana. Foi entón cuando os veciños rogaron a San Sebastián e San Roque para que intercedieran e remataran coa enfermidade, facendo unha fogueira para queimar as pertencencias dos infectados. Outra tradición vincula a orixe da celebración á conmemoración da busca que fixeron os cristiáns para atopar o corpo do santo a noite que foi martirizado. As diversas hipóteses que pretenden explicar a orixe da festa desde una óptica local teñen escasa fiabilidade histórica, sin embargo resultan interesantes como interpretacións populares. A pesar da incertidume da súa orixe a festa inunda a noite da vila



■ A alcaldesa, Sara Inés Vega, prendendo o fachón en 2016

caldelá nun ambiente especial e único. Antiguamente a elaboración dos fachós facíase coa palla da sega, que se obtiña despois de sementar o centeo e segar. Actualmente esta práctica foise perdendo ata quedar en desuso, polo que un dos inconvenientes para seguir mantendo esta tradición é a falta de palla para facer os fachós. Por elo o Concello de Castro Caldelas é o que se encarga de sementar cada ano o centeo, de segar, acarrexar e mallar o igual que se facía tradicionalmente, preparando a palla e gardándoa no palleiro para a celebración.

Cómo é a programación para este ano?

A maior innovación é continuar facendo a festa ao vello estilo tradicional polas dificultades que entraña e o traballo arduo que comeza un ano antes (sementa, sega, acarrexar, malla). O desenvolvemento da

festa é o seguinte: A partires das sete da tarde do día 19 de xaneiro, dependendo da claridade do día, como din os caldeiros "entre o lusco e fusco" comenza a procesión coa imaxe de palla de san Sebastián seguida do gran fachón de nunca menos de 30 metros de longo. Detrás van os máis de 600 fachós individuais que o Concello pon o dispór dos participantes; todo elo acompañado da música de charanga e tradicional. Este ano debutará por primeira vez o Folión o Irrio de Caldelas, recentemente creado e que ven a completar a oferta musical tradicional de Castro Caldelas. A procesión sae do adro do santuario dos Remedios e percorre a noite caldelá a través das empinadas rúas do casco histórico dando a volta o castelo que preside a vila, todo elo en completa oscuridade a excepción da iluminación ornamental do castelo. O remate do percorrido os restos

dos fachós deposítanse nunha gran fogueira que se atopa na entrada do santuario e comenza o aspecto gastronómico e musical. Os chourizos feitos e curados con fume de carballo de Castro Caldelas, o pan artesán de forno de leña, o viño da Ribeira Sacra e unha monumental "queimada" con augardente desta zona e "conxuro" feito por un druida. Como novidade este ano non se utilizarán vasos desechables senón cuncas de barro tradicional xa que foi aprobado en pleno esta medida solicitada polos nenos do CPI de Castro Caldelas nunha actividade na que se simulaba un pleno ordinario donde os nenos fixeron esta petición e a alcaldesa adquiriu o compromiso de aprobala en sesión plenaria. A ledicia, a participación da xente da bisbarra e visitantes, o compañeirismo e bo humor será o xeito de celebrar os Fachós 2017.

622 097 098
Se vende Volvo tipo Ilmusina. Muy buen estado

Café Bar
CASTRO
Padre Feijóo 1 - Tlf. 609 65 21 20
CASTRO CALDELAS - 32760 - OURENSE

Aluminios Durán
Mamparas - Portas - Peches
Catro Camiños, 19 - T. 988 20 30 92
www.aluminios-duran.tk
CASTRO CALDELAS (Ourense)

PP de Ponteareas: “O Goberno local penaliza os veciños cos impostos”

Celebrado o último Pleno ordinario deste ano o Goberno non incluíu na orde do día a rebaixa no Imposto de Vehículos (IVTM), nen a rebaixa no Imposto de Construcións (ICIO), e nada tampouco do acordo plenario de bonificar nun 95% o Imposto de Plusvalías.

Segundo os populares hai outros moitos impostos e taxas que están sen actualizar dende fai polo menos dous anos, e posto que o IPC redúxose nun 1%, o efecto sería favorable para os cidadáns de Ponteareas que pagarían menos, pero a desidia deste Goberno é tal que non o fan.

Cremos, segue dicindo o P.P. pasou suficiente tempo para que o Goberno tripartito de Ponteareas estea ben “asentado no seu cargo”. Os veciños danse conta que os concelleiros do BNG, do PSOE e ART xa se esqueceron das promesas electorais que lles fixeron no que atinxe á redución dos impostos. Puideron reducir aqueles impostos que antes consideraban abusivos e dos que dicían que ían en contra da reactivación da construción e do emprego, e agora dende que gobernan, por iniciativa propia, non os reduciron.

A concelleira do PP, Belén Villar, considera que o esforzo pedido ós veciños durante os 3 últimos anos para contribuír co saneamento das contas municipais remata este ano o rematar tamén a devolución dos cartos que o Estado prestara ó Concello para pagar as facturas que se lle debían ás empresas e autónomos.

Para nós, afirma Villar, é curioso que os mesmos grupos políticos, BNG e PSOE, que votaron en contra de subir os impostos (IVTM e ICIO) no ano 2013 dentro do Plan de Saneamento, cando a situación económica do Concello era moi complicada, agora sexan os mesmos que están pondo “trabas” a reducilos, sobre todo cando o Plan de Saneamento que levou á cabo a Corporación municipal anterior xa rematou neste mes de decembro. Este Concello agora está en disposición de reducir o IVTM (Imposto de Vehículos), o ICIO (Imposto de Construcións) a valores do ano 2013, e ó Imposto de Plusvalías aplicarlle a bonificación acordada no Pleno dun 95%, e en cambio, este Goberno non o fai e vai penalizar ós veciños mantendo os impostos un ano máis.



Compromiso por Galicia comemora o seu cuarto aniversario en Lugo

Compromiso por Galicia celebrou o seu cuarto aniversario cunha cea de fraternidade que se celebrou na cidade de Lugo e na que participaron entre outros o secretario xeral, Xoán Bascuas, o secretario de organización, Manoel Vello, e o de comunicación, Orlando Villamayor. O encontro serviu para conmemorar unha data tan especial para o partido galeguista, e tamén para falar sobre o II Congreso Nacional que terá lugar o vindeiro 21 de xaneiro.

Os dirixentes de Compromiso por Galicia

tamén promoveron un acto que simboliza o traballo que se está facendo desde a organización. A plantación do primeiro teixo “comprometido”. Neste caso agradeceron a colaboración da Universidade de Santiago de Compostela en Lugo.

“Estes catro anos de traballo son un patrimonio importante, unha semente que ten que agromar. Estamos convencidos de que Galicia necesita dunha opción coma Compromiso e confiamos en que o segundo congreso sexa o inicio dunha etapa fértil para o galeguismo”.

Explican a estratexia de desenvolvemento local para o sector pesqueiro en Bueu

O Grupo de Acción Local do sector pesqueiro da Ría de Pontevedra, GALP, organizou este luns unha xornada de divulgación sobre a Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo, na sala de usos múltiples da Praza de Abastos de Bueu. Laura Nieto, xerente do GALP, informou a máis dunha decena de persoas sobre o programa de axudas do grupo para

2014-2020. O obxectivo destas xornadas, que se están levando a cabo por distintos concellos da área de Pontevedra, é informar, animar e apoiar as futuras iniciativas de potenciais emprendedores, cun especial fincapé nas persoas, empresas, entidades sociais e institucións que desexen desenvolver proxectos para acadar o desenvolvemento sostible na zona costeira.



PEREGRINUS
Pulpería · Churrasquería



**desde 15€
Menú**
para
grupos, por encargo



**10€
Menú**
de lunes
a viernes

**Especialistas en pulpo
y carnes a la brasa**

**Noches y fines
de semana a la carta**

OURENSE: Valle Inclán, 35. Tfno 988 68 65 45 | VIGO: Urzáiz, 5. Tfno. 986 12 30 70

Unha enfermeira galega residente en Mozambique explica o seu traballo a prol da saúde infantil e materna

María José Castro achega a Bergondo, Lugo, Sarria, Ourense, O Barco, Pontevedra, Silleda, A Coruña e Oleiros as accións impulsadas a prol da saúde materno-infantil

A enfermeira galega María José Castro, directora executiva da Fundación Encontro, percorrerá esta semana nove municipios socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para dar a coñecer o proxecto a prol da saúde infantil e materna apoiado en Mozambique. A coruñesa, que desde hai 16 anos reside e traballa no país africano, inicia ás 17 horas en Bergondo as recepcións institucionais, tras reunirse esta mañá coa subdirectora xeral de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia, Pilar Romero.

María José Castro participará ademais nas xuntanzas da Rede Municipalista Solidaria, que se celebrarán nas catro capitais de provincia, ás que está convocado o persoal técnico delegado do Fondo Galego en cada un dos 88 concellos e as dúas deputacións socias. Nestes encontros, a Secretaría Técnica dá conta das actividades de sensibilización fronte as desigualdades realizadas durante ao ano, como obradoiros de fotografía social, charlas sobre as nenas e nenos soldados, actuacións musicais, exposicións, contacontos, etc.

Nas xuntanzas pónense asemade en valor os proxectos de cooperación internacional impulsados en países do Sur, como as axudas de post emerxencia para reconstruír un centro sanitario tras as inundacións nos campamentos saharauís ou as destinadas ao equipamento informático dun concello ecuatoriano logo do terremoto. Desta volta, ademais, contárase co testemuño directo chegado desde África, que achegará os bos resultados do traballo realizado por activistas locais para concienciar a mulleres e fa-



■ María José Castro é directora executiva da Fundación Encontro

mílias sobre a importancia de acudir ás consultas pre e post parto, así como de dar a luz na maternidade.

Alén doutras recepcións nos concellos de Silleda ou Oleiros, a axenda de María José Castro inclúe senllas charlas abertas ao público xeral para dar a coñecer perante a sociedade a realidade mozambicana e a utilidade dos proxectos de cooperación para o desenvolvemento co-

financiados polas administracións locais galegas. A primeira terá lugar na Casa Consistorial de Sarria mañá martes ás 16.30 horas e a outra será o mércores ás 18 horas no Edificio de Usos Múltiples do Barco de Valdeorras.

O proxecto coa Fundación Encontro xa fora supervisado sobre o terreo pola traballadora social do Concello de Bergondo Mónica Mourín, que pasou un mes cola-

borando con esta entidade a través do programa de voluntariado internacional Vacacións con Traballo, dirixido a persoal técnico municipal. Do mesmo xeito, tiveron a oportunidade de coñecelo as catro concelleiras de Lugo, Moaña, San Sadurniño e Verín que viaxaron a Mozambique para participar nun intercambio de experiencias en materia de igualdade coas súas homólogas.

Museu da Imprensa mostra impacto mundial da elección de António Guterres na ONU

O Museo Nacional da Imprensa inaugurou, na 4ª feira, día 28 de decembro, ás 15h30, a exposición "Guterres na Imprensa Mundial", que ficará patente até 31 de marzo. Mostrar a repercusión da elección de António Guterres para Secretario-Geral das Nacións Unidas é o obxectivo do Museo.

Esta exposición retrata o impacto da elección de António Guterres para Secretá-



■ António Guterres

rio Geral da ONU na imprensa das principais capitais do mundo, desde o proceso electoral, que culminou numa unanimidade de votos, no pasado día 5 de outubro, pasando pola súa aclamación como novo Secretario-Geral da ONU, que aconteceu no día 13 do mesmo mes. A repercusión do discurso de Guterres no juramento da Carta das Nacións Unidas a 12 de decembro tamén está patente en diversos xornais.

Para isso, foram reunidas dezenas de publicações de todo o mundo, vindas da China, Rússia, Alemanha, França, Itália, Grécia, Reino Unido, Cabo Verde, Índia, Turquia, entre muitos outros países.

A exposição ficará disseminada entre as máquinas-reliquia do Museo Nacional da Imprensa e manter-se-á patente durante os três primeiros meses de ação do novo Secretario Geral da ONU.